

Escolantes e escolas de ferrado

Narciso de Gabriel

Universidade da Coruña

RESUMO: A instrucción popular en Galicia ten unha das súas concrecións máis xenuínas nas escolas de ferrado. Trátase de escolas sostidas polos propios labregos, que pagaban normalmente en especie: un ferrado de centeo, trigo ou millo por alumno e ano; funcionaban nos meses de inverno; estaban instaladas en locais diversos e improvisados; desenvolvían un currículo restrinxido as máis das veces á ler, escribir e contar, ademais do catecismo; e ao seu fronte figuraban mestres sin título -os chamados escolantes- e cunha limitada formación, que compaxinaban o ensino con outros oficios. Malia todas as súas carencias, teñen realizado unha importante contribución á difusión social da lectura e da escritura.

ABSTRACT: One of the most authentic characterizations of popular education in Galicia can be seen in the Schools of the "ferrado". These schools were supported by the farmers themselves, who would generally pay in kind - a "ferrado" (a measure) of rye, wheat or corn per student per year. These schools were in session during the winter months and the makeshift classrooms were set up in a variety of places- The curriculum was limited, including mostly reading, writing and simple arithmetic, as well as the catechism. The lessons were given by teachers without a degree, known as "escolantes" with few qualifications who combined teaching with other jobs. Despite the lack of means, these schoolteachers made an important contribution to the social dissemination of reading and writing.

Introducción

Nas II Xornadas de Historia de Galicia celebradas en Ourense en 1985 presentei un traballo titulado "As escolas de ferrado na Galicia do século XIX"¹, posteriormente recollido na miña tese de doutoramento². Ata ese momento esta forma de escolarización popular, certamente atípica se a ollamos desde os parámetros que definen actualmente a institución escolar, non tiña sido obxecto de interese por parte da historiografía. A partir de

¹ En Jesús de Juana e Xavier Castro (eds.), *Sociedade e movemento obreiro en Galicia*, Ourense, Servicio de Publicacións da Deputación provincial de Ourense, 1986, páxs. 131-59.

² *Leer, escribir y contar. Escolarización popular y Sociedad en Galicia (1875-1900)*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro, 1990, páxs. 160-72.

entón adoita facerse referencia ás mesmas tanto na historiografía galega³ como na española⁴, pero non foi moito o que se avanzou no seu estudo.

Nas páxinas que seguen tentaremos matizar a caracterización que no seu día fixemos desta modalidade escolar, se cadra un tanto ríxida nalgún dos seus extremos. Para elo retomáranse algunhas fontes escritas xa utilizadas en traballos anteriores e incorporáranse outras novas, así como a información oral subministrada por sete escolantes que tiveron a oportunidade de entrevistar: José Núñez López e Manuel Abreira Álvarez, ambos do concello de Baleira, José Montes Bertoa, Remigio Varela Becerra e Camilo García Becerra, os tres de Laracha, Serafín Díaz Castro (Guitiriz) e José María Casanova Doce (Ortigueira)⁵. A todos eles quero manifestar o meu sincero recoñecemento pola súa colaboración. Sen o seu testemuño non se podería ter feito o traballo que agora presentamos.

Son consciente, con todo, de que resta un longo camiño por percorrer para coñecer-mos cunha certa precisión a traxectoria destas escolas. Na actualidade continuo traballando tanto con fontes escritas como orais para poder ofrecer nun futuro próximo unha visión máis acaída do que foron e significaron os escolantes e as escolas de ferrado⁶.

1. Forma de pago

A denominación das escolas de ferrado obedece á forma de pago: un ferrado de determinado produto agrícola, nomeadamente centeo, trigo ou millo por neno e temporada. No século XIX esta práctica semella ser absolutamente dominante, aínda que nalgúns lugares se recorrese aos cartos.

³ Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: Da Restauración á Segunda República*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1989, páxs. 90-91; Xosé Ramón Barreiro Fernández, *Galicia. Historia contemporánea. Ensino e cultura*, A Coruña, Hércules Ediciones, 1991, páxs. 106-111; Pejerto Saavedra, *La vida cotidiana en la Galicia del Antiguo Régimen*, Barcelona, Crítica, 1994, páxs. 375 e 383.

⁴ Alejandro Tiana Ferrer, "La escuela privada", en Jean-Louis Guereña, Julio Ruiz Berrio y Alejandro Tiana Ferrer (eds.), *Historia de la educación en la España contemporánea. Diez años de investigación*, Madrid, CIDE, 1994, pág. 134.

⁵ Deste último interézanos a súa experiencia como alumno dunha escola de ferrado máis que a actuación posterior como escolante, que non se axusta ao esquema deste tipo de escolas. Entre os restantes terán un especial protagonismo nas páxinas que seguen Serafín Díaz Castro, José Montes Bertoa e José Núñez López, pois Remigio Varela Becerra e Camilo García Becerra foron entrevistados cando xa estaba bastante avanzada a redacción do texto.

⁶ Por problemas de tempo, e tamén de espazo, non fago referencia aquí ao testemuño xa recollido de outros escolantes, como Dámaso Dorado Pin e José Rancaño Vilares, os dous de Baleira.

Esta forma de pago acomodábase a unha economía onde o numerario era escaso, polo que aos labregos lles resultaba máis cómodo retribuír aos escolantes cunha pequena parte da súa produción. A cantidade que se satisfacía por cada neno era normalmente un ferrado, por máis que en determinadas zonas fose superior.

No século XX diversifícase a modalidade de pago: só en especie, en especie e metálico ou só en metálico. Ramón Castro López, crego de Vilar de Ortelle (Pantón), afirmaba en 1923 que se seguía a pagar un ferrado de centeo por neno:

Esta clase de instrucción [a primaria], en las aldeas remotas de Galicia, se reduce a lo siguiente: Terminadas las labores del campo correspondientes al otoño, recogidas algunas leñas y esquilmos para pasar el invierno, se presentan en las parroquias algunos escolantes, maestros de aficción, que, por lo general, a duras penas saben leer y escribir algo, anunciando que se va a dar comienzo a las tareas escolares mediante la gratificación de un ferrado de centeno por cada niño que asista a la escuela.⁷

Xosé Barreiro Álvarez, escolante na Montaña de Lugo e na Asturias limítrofe desde 1922 ata 1950, describíalle así os seus ingresos a Clodio González Pérez:

Pois un *tego* de centeo por mes e por cada neno, é dicir medio ferrado que viña a ser como doce Kg. E por todo o curso un ferrado. De aí que nos chamasen “mestres do ferrado”.
(...) Aínda que algúns xa preferían pagar en cartos: En Santiago de Ibas, en Asturias, dábanse 150 Pts. polo curso e por tódolos nenos que viñan á escola, con comida e todo o demais... E cando é que viña algún de fóra do “pueblo” o que pagaba era para min. Estes dábanme un ferrado de centeo.⁸

José Montes Bertoa, que exerceu como escolante en varios lugares do concello de Laracha desde principios dos anos corenta ata 1958, cobraba basicamente en especie, sobre todo millo e en menor medida trigo, se ben algúns, os menos, pagaban en metálico, ben porque non tivesen o produto, ben porque o necesitasen para o seu consumo. Pero insiste en que o que se lle daba “normalmente era un ferrado, por eso lle chamaban a [escola] do ferrado”, aínda que nalgúns casos cobraba un e medio ou dous, segundo o que se tratase, que dependía fundamentalmente do nivel do neno e do tempo que cumpría dedicarlle.

Camilo García Becerra, escolante na parroquia de Montemaior (Laracha) en 1939-1947 e desde 1949 ata 1960, cobraba sempre un ferrado de trigo. Particularmente interesante resulta o testemuño de Remigio Varela Becerra, que exerceu uns oito ou nove anos

⁷ Ramón Castro López, *La emigración en Galicia*, A Coruña, Tipografía El Noroeste, 1923, pág. 49.

⁸ Clodio González Pérez, “Conversa cun vello mestre do ‘ferrado’”, *Revista Galega de Educación*, nº 2, 1986, pág. 55.

durante a década dos corenta neste mesmo concello, concretamente nas parroquias de Vilaño e Torás. En principio cobraba un peso ou dous ao mes por neno, dependendo do que se tratara, que estaba condicionado sobre todo pola situación económica das familias. Daquela era mozo solteiro e o gran non lle facía moito avío, de modo que optou por esta modalidade de pago, que discrepaba da que era usual na comarca: "Era en ferrado [como cobraban] todos. Eso de cartos puxéao eu (...), porque eu era mozo solteiro e a min o conto do maíz e do trigo non me interesaba moito". Pero pasados uns tres anos algúns pais dixerónlle que non podían mandar os seus fillos á escola por carecer de cartos para pagarlle, e pedíronlle poder facelo en especie. Aceptou esta fórmula e, segundo el mesmo confesa, non saíu perdendo, pois o valor do ferrado ou ferrado e medio que lle daban por neno e ano, maiormente de millo, excedía o valor do que percibía cando cobraba un peso ou dous ao mes.

No concello de Baleira, moi próximo a Navia de Suarna, optábase non obstante por pagar en cartos. José Núñez López, que fixo escola a partir de 1941 e durante nove invernos no lugar de Xestoso (A Fontaneira), cobrou sempre trinta e dous pesos por cada unha das temporadas, que pagaban os pais en función do número de fillos que cadaquén mandara á escola. Na escola privada a que el asistiu cando neno tamén se pagaba en metálico. Na parroquia de Cubilledo, dentro do mesmo concello, Manuel Abaira pagou de neno en cartos e cobrou da mesma forma durante os dous invernos que foi escolante a mediados dos corenta.

Serafín Díaz Castro fixo escola no lugar de Xestoselo, parroquia de Buriz (Guitiriz), entre 1940 e 1943. Cobraba en metálico, aínda que lembra que na súa nenez se pagaba un ferrado por neno, normalmente de centeo. Aos veciños que viñeron na súa procura para ofrecerlle o traballo díxolles: "Eu cando cobre quero cobrar cartos. Non quero andar cun ferrado (...) porque dá moito que facer, ou en fin, andar pola casa cun carriño (...), ademais parece que me fai un aspecto que non me agrada." Agora ben, aínda que cobraba en metálico, cada neno pagáballe a cantidade equivalente ao prezo que tiña o ferrado de centeo na feira. Así pois, o ferrado seguía a ser o punto de referencia para establecer as cotas.

O feito de que nalgúns lugares empezase a pagarse en cartos fixo que fose desaparecendo tamén a expresión "escolas de ferrado", polo menos nesas zonas, pasando a denominarse simplemente escolas, se ben teremos ocasión de comprobar que algúns puñan en cursiva ou entre comiñas este termo.

Preguntado pola denominación que recibían estas escolas por parte dos veciños, Manuel Abaira dinos que era a de "escolas clandestinas". Non sabemos en que medida

estaba espallada esta expresión, pero en todo caso pon de manifesto o seu carácter alegal e a dificultade de detectar a súa presenza nos recontos estatísticos.

Ademais da cantidade estipulada, en especie ou metálico, o escolante tiña dereito, polo menos cando se desprazaba, a un leito para durmir e a comida, ben fose sempre na casa dun veciño, ben sucesivamente nas de todos os contratantes. Jose María Casanova Doce asistiu de pequeno, na época da IIª República, ás clases dun escolante contratado por unha familia da parroquia de Devesos (Ortigueira) que tiña moitos fillos. Era esta familia a que daba pousada ao escolante e tamén a que lle pagaba, e as casas do lugar que quixeran utilizar os servizos desta escola negociaban a súa contribución coa familia contratante. Serafín Díaz Castro foi chamado polos tres veciños que existían no lugar de Xestoselo (Guitiriz), permanecendo aproximadamente un mes na casa de cada un deles durante a temporada de clases. Estas tres familias eran as que lle pagaban, encargándose de recoller as cotas que correspondían ás dos lugares próximos que enviaban os seus fillos á escola. José Núñez López durmía e comía sucesivamente na casa de todos os veciños. E conta que, á hora de comer, para o mestre sempre había o mellor bocado. Cando remataba a temporada facían unha boa cea para celebralo, aproveitándose a ocasión para pagarlle ao mestre. Esta celebración do remate do ano escolar tamén se facía polas terras de Navia de Suarna:

O día en que se acababa a escola era a mellor festa do “pueblo”: viñan tódolos “padres” e os alumnos, traían viño e ata un músico. Había unha grande festa, era, como se dicía, a despedida do mestre. E o mesmo se facía en Galicia que en Asturias.⁹

2. Perfil dos escolantes

As persoas que estaban ao fronte destas escolas coñecíanse co nome de “escolantes”, “mestres do ferrado”, ou “mestres” sen máis. No século XIX a denominación de escolante era a máis difundida, e o galeguismo retomaríase este termo acuñado polos labregos para referirse ao maxisterio en xeral: “En algunos distritos de nuestra Galicia, el hablar del planteamiento de una escuela, es como si se les desease el más grave daño; acostumbrados a retribuir con un mezquino número de ferrados de maíz a un intruso, que llaman *Escolante*, les parece muy penoso hacer un desembolso mayor.”¹⁰ No século XX segue a utilizarse, como pon de manifesto Eugenio Carré Aldao no tocante á provincia da Coruña:

⁹ *Ibid.*, páx. 66.

¹⁰ *El País*, Pontevedra, 20 de setembro de 1857.

Como demostración de que los nuestros no son refractarios a instruírse, citaremos que, en muchísimas parroquias de esta provincia, se han establecido personas de más o menos ilustración, a las que nuestros paisanos llaman *escolantes*, para distinguirlas del *maeso* (maestro público), y que se consagran a enseñar los elementos de la instrucción primaria, por el día, a los niños de corta edad, y, por las noches, a los adultos. Los padres sufragan de buena gana el estipendio del maestro y el coste de los libros, cuando pudieran evitarlos si la escuela fuera del Estado.¹¹

Xosé Barreiro Alvarez, José Montes Bertoa e Serafín Díaz Castro din que os coñecían como “mestres do ferrado”, pero segundo José Núñez López a denominación que recibían era simplemente a de mestres: “Maestros, era o señor maestro como se tivera a carreira feita.” Na conversa que tiven con Manuel Abraira utiliza sen embargo a expresión de “mestres clandestinos”, en sintonía co carácter que tamén se lle apuña a este tipo de escolas¹².

Para aproximármonos á figura do escolante convén diferenciar, cando menos, dous grandes grupos. No primeiro incluíríanse todos aqueles que se dedicaban ao ensino para complementar os ingresos que lles fornecía a súa ocupación principal, que normalmente era a de labrego, aínda que tamén había quen desempeñaba outras, desde cregos a xastres. José Montes Bertoa, ademais de dedicarse á labranza, foi barbeiro, taberneiro, axente de seguros e picou pedra para facer as estradas, sen considerar outras ocupacións que tivo cando deixou a escola. Serafín Díaz Castro traballaba na agricultura, pero tamén puña inxeccións e facía de perito, oficio este que aparece moitas veces vencellado ao de escolante. En todo caso, o maxisterio non era normalmente para ningún deles o seu quefacer principal. Puñan escola durante algún tempo para xuntar uns cartos que lles axudasen a soste a familia, caso de estaren casados, ou dispor dunha certa autonomía, caso de seren aínda mozos.

Existía un segundo grupo de escolantes que exercían como tales porque xa non servían para facer outra cousa, debido aos estragos da velez ou as enfermidades, segundo dicía Manuel Panero, inspector de ensino primario na provincia da Coruña, durante a súa intervención no Congreso Pedagóxico de Pontevedra (1887): “(...) el marinero que ya no puede por sus años manejar sus remos; el carpintero que deja sus herramientas; o el licenciado de presidio, que de todo hay, se dedican a la enseñanza, a escolantes, como

¹¹ Eugenio Carré Aldao, *Geografía General del Reino de Galicia, La Coruña*, A Coruña, Ediciones Gallegas, 1980, vol. IV, t. I, páxs. 133-134 (reedición).

¹² Aínda sendo conscientes da diversidade de denominacións, neste traballo utilizarase normalmente o termo “escolante” e a expresión “escola de ferrado”.

por aquí se dice (...)”¹³. Nunha carta publicada en *El Magisterio Gallego*, remitida desde Muimenta (Cospeito), insistíase na mesma dirección ao caracterizar a dous escolantes: “un pica-pedrero, que no permitiéndole su salud seguir el oficio de cantero, que ejerció desde niño, se dedicó a la enseñanza privada”, e outro que “desde su niñez se dedicó al oficio de sastre y no salió de un mal remendón”¹⁴. Este segundo grupo é o que ten unha maior presenza nas fontes escritas que chegaron ata nós, pero convén decatarse que tales escritos están maioritariamente redactados por persoas que adoptaban unha actitude belixerante verbo das escolas de ferrado, como era o caso dos inspectores e dos mestres públicos. Sen dúbida existirían escolantes axustados a este perfil, pero posiblemente non fosen os máis, aínda que si os que mellor se prestaban á caricatura.

Certamente a práctica totalidade carecían de estudos profesionais, é dicir, non tiñan título de mestre. Os seus estudos limitábanse na maior parte dos casos aos primarios, adquiridos moitas veces nunha escola de ferrado. Máis aínda, moitos deles eran fillos e a veces netos de escolantes, como acontece con algúns dos que tivemos ocasión de entrevistar. Quen puña escola era, simplemente, o veciño mais instruído do lugar, se había alguén que se prestase, ou dun lugar mais ou menos próximo, cando non o había no propio. Consuelo Leal (San Xulián de Mos, Castro de Rei), entrevistada por un meu alumno en 1987, dicía verbo dun dos escolantes que lle ensinou de pequena: “non era maestro de título, que era un maestro que o sabía ben, e sabía máis ca ningún dos que ibamos á escuela, e pagábanlle e poñíamos escuela. Ese non era un maestro. Despois veu un (...) maestro pago.”¹⁵

Algúns escolantes tiñan realizado outro tipo de estudos, nomeadamente eclesiásticos. Era bastante usual que un crego ou ex-seminarista que non rematara a carreira se dedicase a poñer escola. Pero normalmente tratábase de individuos que só tiñan cursado o ensino primario, ben fose nunha escola de ferrado, ben nunha nacional, ben nas dúas.

Xosé Barreiro Álvarez asistira unicamente a unha escola de ferrado, e algúns dos seus discípulos foron á súa vez escolantes¹⁶. José Montes Bertoa dinos que asistiu á escola pública, e sobre todo á que puña o seu pai, quen “sabía sumar, restar, multiplicar e dividir e despois algo de regra de tal e por aí e non pasaba de aí moito, non”, chegando a adquirir practicamente os mesmos coñecementos que o seu pai tiña. José Núñez López tamén foi varios

¹³ *El Magisterio Gallego*, 15 de setembro de 1887.

¹⁴ *El Magisterio Gallego*, 25 de setembro de 1888.

¹⁵ Entrevista a Consuelo Leal realizada por Fernando Moreira Abelleira en 1987.

¹⁶ Clodio González Pérez, entrevista citada, páxs. 53 e 56.

anos ás escolas de ferrado, e despois a unha pública, situada na Fontaneira, e desempeñada por un mestre da Ribeira de Piquín, moi competente, que mataron cando a guerra. Ao ingresar nesta escola só sabía ler, escribir e as catro regras, ademais do catecismo, e foi nela onde empezou a familiarizarse con outro tipo de materias. Mesmo tivo ocasión de practicar o oficio de mestre, pois facía as veces do titular cando este tiña que ir á súa casa por dous ou tres días, experiencia que lle resultou moi proveitosa para o seu posterior traballo como escolante. Máis adiante, no servizo militar, realizou un cursiño que lle permitiu aprofundar ou cando menos actualizar os coñecementos propios do ensino primario. Adquiriu ademais afección á lectura, aínda que non era moito o material impreso que chegaba ás súas mans. Leu o *Quijote* por tres veces, e “cada vez lle sacaba máis jugo”.

En moitos casos a formación cultural dos escolantes resultaba realmente precaria, tal como reflicten diversas testemuñas, e nomeadamente as que adoptan unha actitude crítica con esta modalidade de escolarización. Nun artigo publicado en *El Magisterio Gallego*, titulado “Los intrusos del magisterio”, reproducíase o seguinte anuncio dunha mestra sobre o próximo inicio da temporada escolar na parroquia de Calobre (Miño):

Seba Poner una Escuela Particular. De niños. Para el 17 de Setiembre del año de 1894. En la Parroquia de Sanguan de Calobre. En el Lugar de Bigo de Arriba Enlasala de Maceira de graña y a las Niñas Les enseño Atrabagar de Puntillas y Marcar y Bordar Para los que quieran Con Currir alla aella. El 17 del corriente Año de 1894.

Escrita Por María Josefa Romeu.¹⁷

Ramón Castro López reproducía un anuncio similar na década de 1920, co propósito de poñer de manifesto a incompetencia dos escolantes:

Para que se vea la competencia de algunos de estos escolantes, copiaré aquí, al pie de la letra, el siguiente anuncio fijado por un *maestro* en la puerta de cierta iglesia parroquial para hacer saber a los convecinos que, al siguiente día, se daba comienzo la escuela.

Decía así: “mañana días Mediante dara Precipio la escuela de Niños en el Lugar de marce y la Pone Gose lopez.”¹⁸

Estes textos evidencian sen dúbida un dominio sumamente limitado da escritura, aínda que os desatinos ortográficos non fosen privativos dos escolantes, pois tivemos ocasión de observalos en escritos redactados por cregos, alcaldes e mestres públicos. Pero tamén é seguro que moitos anuncios dos escolantes estarían redactados con máis tino, se ben

¹⁷ “Los intrusos del magisterio. Un ejemplar curioso”, *El Magisterio Gallego*, 5 de febreiro de 1895.

¹⁸ Ramón Castro López, *op. cit.*, páx. 49.

non chegaran ata nós, por non telos rexistrados os testemuños históricos de que dispoñemos, que se limitan a reproducir escritos especialmente chocantes ou paradoxais. Porque certamente constituía un paradoxo que alguén chamado a ensinarlles a escribir aos nenos non fose quen de facelo cunha certa corrección.

A formación pedagóxica resultaba máis precaria aínda que a literaria. Polo que sabemos, practicamente ningún escolante tiña cursado estudos de maxisterio. Este é o caso de todas as persoas entrevistadas, que tampouco teñen lido libros de pedagogía. Na súa práctica como ensinantes reproducían os modos de ensinar que tiñan experimentado cando asistiran ás escolas. Tratábase, como dicían a cotío os inspectores, dun ensino “rutinario”. O inspector lucense Vicente Pérez Sierra definíao así:

Respecto a las errantes escuelas particulares, desempeñadas en la generalidad de las parroquias rurales (no así en las villas y pueblos de importancia) por intrusos que ni han saludado la pedagogía, ni conocen de nombre la didáctica, ni tienen la menor idea de la organización de las escuelas, ni de los cuidados que exige el desarrollo de las facultades del niño y sin más norma que el someterse ciegamente al capricho de los padres de familia, tienden tan solo a que sus discípulos aprendan a leer rutinaria y viciosamente y a escribir sus propios nombres sin sujeción a las reglas caligráficas y menos a las ortográficas, que desconocen dichos Maestros.¹⁹

Este mesmo termo, o de “rutina”, é utilizado espontaneamente por José Núñez López para caracterizar a súa práctica como escolante. Preguntado pola razón desta caracterización argumenta así: “Porque eu viña enseñándolles sobre o que eu aprendera, o que a min me ensenaran, unha cousa parecida, despois, se eu ampliaba algo era porque tiña alcance que collera nas outras escolas [públicas ás que asistira].”

En todo caso, non resulta doado trazar un perfil que faga xustiza á diversidade de persoas que se teñen dedicado a facer escola de forma particular. Foron moitos os miles de escolantes que exerceron o seu oficio ao longo dos séculos XIX e XX. E cabe supoñer que, aínda sen teren case ningún deles estudos profesionais, a súa competencia sería moi variable, como tamén o tempo que dedicaron durante as súas vidas a este oficio e o interese que polo ensino tiñan. Esa diversidade reflíctese nos escolantes que tiveron a oportunidade de entrevistar, aínda que non entrarei neste tipo de particularidades.

¹⁹ Vicente Pérez Sierra, *Memoria sobre la primera enseñanza en la provincia de Lugo*, Lugo, Imprenta de Antonio Villamarín, 1886, pág. 14

3. Calendario e horario

As escolas de ferrado eran temporais, isto é, funcionaban só durante os meses de inverno, cando o traballo agropecuario entraba nunha fase de relativo letargo. O calendario agrícola determinaba, xa que logo, o calendario escolar. Aproveitábase o período en que prescindir do traballo infantil supuña un menor custe para a economía familiar. Durante estes meses o traballo que se encomendaba aos nenos o resto do ano era realizado polos maiores:

Cando chegaba a época, acordaban os veciños: É tempo de chama-lo mestre. Bueno porque agora dende que se acabou de recoller toda a colleita, dende tal data a tal data, podemos os avós e os pais face-los traballos e os nenos poden ir á escola. E entón ían os "padres" coas cabras e coas vacas para que os nenos estivesen na escola.²⁰

Aínda que a actividade agropecuaria se mantivese ao longo de todo o ano e experimentase certas variacións dunhas bisbarras a outras, no inverno e parte do outono a súa intensidade era moi inferior. Eran eses meses os que ocupaban os escolantes, labregos á súa vez nos mais dos casos, para faceren escola. No século XIX todas as fontes subliñan o carácter invernal destas escolas, aínda que varía algo a duración da temporada: de decembro a febreiro na provincia de Lugo²¹ e tres ou catro meses no partido xudicial de Celanova²².

No século XX non se produciron grandes cambios. En Navia de Suarna a temporada daba comezo o 18 de decembro e remataba o 18 de febreiro²³, e en Baleira tamén se reducía basicamente a estes dous meses²⁴. En Guitiriz iniciábanse as clases por novembro, e prolongábanse durante dous meses ou tres²⁵, rexistrándose idéntica duración na comarca de Ortigueira²⁶. Consuelo Leal (Castro de Rei), que asistiu a varias destas escolas a prin-

²⁰ Clodio González Pérez, entrevista citada, páx. 55. Serafín Díaz Castro tamén afirma que os pais se organizaban durante estes meses para realizar o traballo propio dos nenos, e que na súa casa mesmo se ten contratado xente de fóra con ese propósito.

²¹ Estado estatístico da provincia de Lugo elaborado polo inspector Manuel Panero, 16 de abril de 1876, Arquivo Histórico Universitario de Santiago, Ensino primario (en adiante, AHUS), leg. 164.

²² Comunicación da Inspección á Xunta provincial de Instrucción pública de Ourense, 1 de xullo de 1882, AHUS, leg. 93.

²³ Clodio González Pérez, entrevista citada, páx. 55.

²⁴ Entrevista realizada a José Núñez López, 8 de agosto de 1999.

²⁵ Entrevista realizada a Serafín Díaz Castro, 5 de xuño de 1999.

²⁶ Entrevista realizada a José María Casanova Doce, 27 de xullo de 1999.

cipios do XX, fai notar que a duración da temporada estaba en parte condicionada pola climatoloxía:

Ás veces iba un mes, ou dous todo o máis, ou tres todo o máis. Eran meses de inverno. Empezabamos, xa digo, en xaneiro e febreiro, e se acaso en navidade eran os meses que se iba á escola. En marzo xa non se..., se acaso se iba oito días á tarde, e empezaba a haber bon tempo e xa non se volvía á escola.²⁷

Polo que respecta ao horario, ao ter a escola unha duración tan curta, aproveitábase o día ao máximo. En Baralla, a finais do XIX, a escola “principia a las once o doce de la mañana y termina a la postura del sol”²⁸. En Castro de Rei, a principios do XX, Consuelo Leal dicía que “daquela íbase pola mañá e pola tarde. Ás nove tiñamos que entrar. E Saliamos ás doce. Porque eran horas naturais; non era como agora. Estaba ás horas naturais. A saliamos ás doce e volvíamos a entrar ás dúas.”²⁹ En Xestoso (Baleira), na década de 1940, tamén se entraba ás nove, parábase a unha para xantar, e de seguido reiniciábanse as clases, que se alongaban ata que a luz solar o permitía, de modo que a finais de xaneiro a sesión xa duraba algo máis. E non remataba aquí a xornada, porque despois da cea xuntábanse de novo os nenos e o mestre para estudiaren a doutrina, como veremos máis adiante³⁰. Algo similar acontecía en Cubilledo (Baleira), se ben aquí aproveitábase unha ou dúas horas de noite e non se facía a sesión de catecismo despois de cear³¹. Por esas mesmas datas, en Buriz (Guitiriz) as sesións escolares eran de nove a dúas e de catro a seis³².

O calendario sinalado era o máis habitual, pois mesmo as escolas públicas restrinxían aos meses de invernía a súa actividade nun primeiro momento³³, e andando o tempo, aínda sendo permanentes, moitas delas deixaban practicamente de funcionar no mes de abril, por así convir tanto aos intereses dos pais dos nenos como dos propios mestres.

²⁷ Entrevista a Consuelo Leal realizada por Fernando Moreira Abelleira en 1987.

²⁸ Estado escolar do concello de Neira de Xusá, 29 de marzo de 1876, AHUS, leg. 164.

²⁹ Entrevista a Consuelo Leal realizada por Fernando Moreira Abelleira en 1987.

³⁰ Entrevista realizada a José Núñez López, 8 de agosto de 1999.

³¹ Entrevista realizada a Manuel Abreira Álvarez, 30 de agosto de 1999.

³² Entrevista realizada a Serafín Díaz Castro, 5 de xuño de 1999.

³³ En 1840 había na provincia de Ourense 451 escolas -322 públicas e 29 privadas-, das que 117 eran “perpetuas” e 234 “temporais” (Boletín Oficial de Instrucción Pública, nº 13, 31 de agosto de 1841, páxs. 44-54).

Pero ao igual que sucedía coa forma de pago, onde se constatan variacións entre unhas e outras bisbarras, o mesmo acontece co calendario e horario. No concello de Laracha, e posiblemente noutros da zona, o modelo era diferente. Aquí as escolas de ferrado estaban abertas durante todo o ano, segundo nos informan José Montes, Remigio Varela e Camilo García. Isto era así tanto nas escolas que fixeran eles durante os anos corenta e cincuenta como nas que asistiran e coñeceran na súa nenez, alá polos anos vinte e trinta. Agora ben, a xornada escolar limitábase a unha única sesión de dúas horas de duración: de oito a dez ou de nove a once no inverno e de doce a dúas ou de unha a tres no verán. Así pois, nesta zona a escola non se axustaba ás variacións estacionais do traballo agropecuario, senón ás diferentes intensidades que adquiría no decurso de cada día. Fronte a un aproveitamento intensivo de determinados meses, practicábase aquí un aproveitamento extensivo de todo o ano. Pero tanto nun caso como noutro facíase escola cando o traballo o permitía.

Nalgúns lugares os escolantes, ademais de instruír aos nenos polo día, ocupábanse da formación dos adultos durante a noite, práctica que adoitaba ser bastante común na provincia da Coruña, segundo afirma Eugenio Carré Aldao nun texto xa citado³⁴. José Montes así o facía en Laracha, se ben a clase destinada aos mozos abría só no inverno.

4. Escenario

Aínda que existía unha gran diversidade ao respecto, o local e a moblaxe das escolas de ferrado caracterizábase, na maior parte dos casos, pola súa improvisación e precariedade. Os que adoptaban unha posición crítica sobre esta modalidade de escolarización popular facían especial fincapé nas súas carencias infraestructurais: “en su mayor parte son cuadras de ganados”, dicía o inspector de Ourense a finais do século pasado³⁵; “cuadras, chozas y algunas habitaciones altas, sin condiciones higiénicas ni abrigo”, podemos ler na estatística escolar do concello de Castro de Rei de 1875, subscrita polo mestre público³⁶; “cuadras, portales, chozas y gayolas”, dise en idéntico documento correspondente ao concello de Pastoriza³⁷; a casa dun labrego acomodado ou o adro da

³⁴ Cfr. a cita correspondente a nota 11.

³⁵ Comunicación da Inspección á Xunta provincial de Instrucción pública de Ourense, 29 de setembro de 1879, AHUS, leg. 92.

³⁶ Estado escolar do concello de Castro de Rei, 24 de marzo de 1876, AHUS, leg. 164.

³⁷ Estado escolar do concello de Pastoriza, 1 de abril de 1876, AHUS, leg. 164.

igreja, informaba José Rodríguez Mourelo á Comisión de Reformas Sociais a finais do século XIX³⁸.

Os testemuños que conservamos relativos ao século XX apuntan na mesma dirección: “El local en que dan la enseñanza algunos de estos escolantes es al aire libre, si hace buen sol; y si llueve o hace frío, sirve de local cualquier cuadra de vacas, cerdos u ovejas”³⁹. Xosé Barreiro Álvarez di que alugaban “unha casa -é dicir unha palloza- cando é que a había, e senón andabamos de casa en casa.”⁴⁰ Os escolantes entrevistados declaran que o máis usual era poñer escola no cuarto dunha casa que mellor se prestase a este cometido, aínda que José Montes Bertoa fíxoa en Golmar na “bodega dun hórreo” e Serafín Díaz Castro na caseta dun forno de cocer o pan, engadindo con humor que polo menos cando se cocía os nenos estaban ao quente.

O local podía ser do escolante ou dos veciños, fixo ou ambulante e propio ou alugado. Cando o escolante actuaba no lugar da súa residencia e dispuña dun espazo máis ou menos axeitado podíase poñer escola nel, tal como facían o pai e o avó de Serafín Díaz Castro, e tamén José Montes, Remigio Varela e Camilo García. Cando o escolante actuaba fóra do lugar da súa residencia, ou así o decidían quen o contrataban, facíase escola na casa dun veciño. Podía ser sempre na mesma ou ben establecerse sucesivamente nas de todos os que recorrían aos servizos do escolante. En 1876 había no concello de Baleira vintedúas escolas desta natureza, das que dezasete “son de temporada y las otras cinco ambulantes o que no tienen local fijo, dando las lecciones el Maestro indistintamente ya en la casa de algún discípulo o bien en la de otro.”⁴¹ Setenta anos máis tarde, neste mesmo concello e no lugar de Xestoso, José Núñez López oficiaba como escolante na casa de todos os que o contrataban, distribuíndo a permanencia en cada unha delas en función do número de nenos e nenas que escolarizasen, aínda que había dous que non tiñan espazo e prestábanllo os veciños. A mesma práctica seguía Manuel Abreira na parroquia de Cubilledo. Serafín Díaz Castro, sen embargo, aínda que comía e durmía nas tres casas do lugar, facía escola sempre no mesmo sitio. Ás veces

³⁸ José Rodríguez Mourelo, “Condición social de los niños labradores en Galicia”, en *Reformas Sociales. Información escrita practicada por la Comisión de Reformas Sociales en Madrid. Publicada en 1890*, Madrid, Centro de Publicaciones del Ministerio de Trabajo y Seguridad Social, 1985, pág. 188.

³⁹ Ramón Castro López, *op. cit.*, pág. 50.

⁴⁰ Clodio González Pérez, entrevista citada, pág. 55.

⁴¹ Estado escolar do concello de Baleira, 5 de abril de 1876, AHUS, leg. 164.

tamén se recorría ao alugar dun determinado local, como sinalaba Xosé Barreiro Álvarez nun texto antes citado.

Malia as carencias destes espacios, algúns escolantes procuraban dotalos de certos elementos que evidenciasen o uso escolar que deles se facía. Na casa do forno onde exercía, Serafín Díaz Castro pendurou dunha parede o mapa de España, así como un crucifixo e o retrato de Franco, que debuxara el mesmo servíndose dunha fotografía: “Non tiñamos outra cousa..., en fin, que representara algo da escola.”

Estes escenarios resultaban certamente chocantes para a racionalidade pedagóxica que se tentaba impor por estas datas da man das Escolas Normais, a Inspección de ensino primario e as publicacións pedagóxicas, que insistían na necesidade de reservar un espacio específico e debidamente equipado para realizar a misión instructiva e civilizadora que a escola estaba chamada a desempeñar. O inspector Manuel Panero colleitou grandes aplausos no Congreso Pedagóxico de Pontevedra (1887) cando dicía, referíndose a un mestre ao que as cabras lle comían pola noite as planas que os nenos escribían durante o día: “Siento mucho que haya pasado la exposición universal de Viena; porque si llego a tiempo, influyo para que V. vaya a ella, seguro de la obtención de premio, por haber conseguido no solo meter las letras en la imaginación de los niños, sino también en el cuerpo de las cabras y carneros.”⁴² Pero para valorar esta precaria situación e non deixármonos levar pola caricatura e o anacronismo convén ter presentes algunhas premisas que nos axuden a situala no seu contexto.

En primeiro lugar, estas carencias infraestruturais, como moitas outras, non eran privativas das escolas de ferrado, por máis que nelas adquirían unha especial extensión e intensidade, pois unha boa parte das escolas públicas, e por de pronto a maioría das incompletas, participaban en boa medida das mesmas. Edificios específicos para as escolas non os había practicamente en ningures. O primeiro edificio escolar propiamente dito que moitas parroquias coñeceron foi o creado a expensas dos cartos remitidos polos nosos emigrantes.

En segundo lugar, e en ausencia de edificios específicos, o que se facía era utilizar o local que designasen os veciños ou o propio mestre no caso das privadas e o concello no das públicas. Agora ben, en ocasións non había ningunha casa axeitada para facer esco-

⁴² *El Magisterio Gallego*, 15 de setembro de 1887.

la, de aí que se recorrese á menos mala e mesmo a unha corte, circunstancia esta última que tamén se daba nalgunhas escolas públicas incompletas⁴³.

Por último, o feito de compartiren espazos racionais e irracionais, que tanto daba que falar aos pedagogos da época, non supuña ningún trauma para as xentes do campo, acostumadas como estaban a unha convivencia permanente cos seus animais domésticos⁴⁴.

O local acondicionábase como mellor se podía, pero dominaba sempre a improvisación, e máis aínda cando a escola mudaba dunha casa para a outra. Nalgúns lugares os propios nenos levaban un banquiño pequeno de usos múltiples, pois servía tanto para sentárense como para practicaren a escritura, acomodándose entón no chan e pondo o banco enriba das pernas, tal como dicía o mestre público de Baleira ao referirse ás escolas de ferrado deste concello: “No tienen material alguno, los discípulos para la escritura se sientan en el suelo y lo hacen sobre unos bancos de treinta centímetros poco más o menos.”⁴⁵ Por estas mesmas datas, en Muimenta (Cospeito) había unha escola onde un carro vello facía as veces de mesa-escritorio para o escolante, que se sentaba sobre un madeiro, “haciéndolo los discípulos en el suelo, al estilo mono.”⁴⁶

Nas décadas de 1940 e 1950 o máis usual era que se utilizaran unha ou varias mesas das existentes na casa ou se armasen con táboas e cabaletes. Nalgúns casos, e sempre que houberse un local fixo, o escolante ou os veciños encargábanlle a un carpinteiro a construción deste mobiliario. Pero normalmente, e desde logo cando o local era ambulante, botábase man do que había, e sobre todo das mesas de comedor. Ás veces as mesas chegaban para acomodárense todos os nenos, e cando non era así os restantes traballaban sentados en bancos.

O acondicionamento do local dependía, loxicamente, da matrícula. Remigio Varela, que chegou a ter cen alumnos en Vilaño e puña escola na súa propia casa, fixera construír as

⁴³ O *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España* de Pascual Madoz (1845) dicía que a parroquia de San Vicente de Pombeiro (Pantón) tiña trescentas casas, “si bien algunas merecen mejor el nombre de establos.” (Citamos pola edición facsímile de Galicia, Santiago de Compostela, Editorial Breogán, 1986, t. V, páx. 1021).

⁴⁴ Con estas matizacións non se pretende, debería obviar dicilo, facer un canto ás deficiencias infra-estructurais das escolas de ferrado, senón simplemente situalas no contexto onde se inserían.

⁴⁵ Estado escolar do concello de Baleira, 5 de abril de 1876, AHUS, leg. 164.

⁴⁶ *El Magisterio Gallego*, 25 de setembro de 1888.

mesas e bancos necesarios para darlles acomodo a todos eles. Manuel Abraira, que facía escola en Cubilledo para uns dez nenos, na casa que correspondese, utilizaba unha única mesa, sentándose todos arredor dela, o que posibilitaba ademais que ninguén deixase de beneficiarse da luz de carburo situada no medio. Remigio Varela contaba tamén cunha mesa para o seu uso particular, mentres que Manuel Abraira sentábase cos nenos.

5. Extensión e duración

A estas alturas da investigación non estamos en condicións de precisar o número de escolas desta natureza, e posiblemente nunca o estaremos, dada a escaseza e falta de fiabilidade das fontes. As estatísticas oficiais inclúenas, nun primeiro momento, na categoría de “escolas privadas de temporada”, pero a súa cantidade resulta tan variable como pouco creíble. Así, e para o conxunto de Galicia, as cifras son as seguintes na segunda metade do XIX: 457 (1865), 453 (1870), 146 (1880) e 140 (1885). Se os números anteriores fosen fiables, estaríamos perante unha fórmula escolarizadora relativamente pouco importante e con clara tendencia a esmorecer. Agora ben, respecto dos mesmos podería dicirse, con Carlo Cipolla, e facendo abstracción de calquera carga de ironía que a expresión poida ter no orixinal, que “las únicas cifras fiables son las que se refieren a las fechas”⁴⁷.

O que si sabemos é que as estatísticas oficiais infravaloran a densidade desta rede escolar de carácter particular, e isto por varias razóns. En primeiro lugar, as escolas de ferrado non sempre estaban localizadas e identificadas, debido ao seu carácter temporero, mobilidade e ausencia de trazos externos que denunciasen a súa existencia. No concello de Cervo, o mestre público que recolle os datos sobre as escolas privadas afirma que na relación “sólo se figura una por haber cesado otras tres que antes existían”⁴⁸. En segundo lugar, aínda estando localizadas, non sempre se consideraban merecedoras de figurar nos rexistros oficiais debido ás súas deficiencias, como comprobaremos máis adiante. En terceiro lugar, os escolantes tampouco facilitaban o seu rexistro, pois sabían que a súa actividade era ollada con prevención e mesmo hostilidade polas autoridades superiores-lémbrese, a este respecto, a denominación de “escolas clandestinas” á que se refire algún dos informantes. En cuarto lugar, as autoridades locais adoptaban diferentes posicións no momento de contabilizalas. As lucenses inclúenas con frecuencia nas estatísti-

⁴⁷ Carlo M. Cipolla, *Allegro ma non troppo*, Barcelona, Grijalbo, 1996, páx. 45.

⁴⁸ Estado escolar do concello de Cervo, 28 de marzo de 1876, AHUS, leg. 164.

cas, co propósito de evidenciar que a provincia estaba suficientemente abastecida de escolas privadas e que polo tanto non era necesario crear máis públicas. Pero non sempre seguían este criterio. En ocasións decidían agachalas, pois a proliferación de iniciativas de carácter particular podía ser utilizada polos inspectores para argumentar a necesidade de crear escolas públicas que cubrisen, en mellores condicións, as necesidades de escolarización da poboación rural.

A Xunta provincial de Instrucción pública de Lugo, ao remitir ao Rectorado os datos escolares correspondentes ao quinquenio 1856-1860, fai notar que existen importantes diferencias entre o número de escolas privadas e o de alumnos asistentes a estas e ás públicas rexistrado agora e o consignado no quinquenio anterior, discrepancia que explica pola actitude dos alcaldes, que interesados en “hacer creer, o que las escuelas [públicas] establecidas eran inútiles, puesto que apenas concurría a ellas un número regular de alumnos, o que no debían establecerse más pues que no denunciaban esta necesidad de escuelas [las] privadas existentes, suprimieron a éstas en los estados, o menguaron hasta el exceso el número de concurrentes.” E por máis que se lles pediu unha rectificación dos datos, ao non resultar verosímil que houbera concellos sen ningunha escola particular, “cuando era público y notorio que tales establecimientos pululan en la población rural durante la estación en que fueron pedidos los datos”, insistiron nos iniciais, que houbo que dar finalmente por bos, para non adiar máis a remisión da información⁴⁹.

Pero se durante o século XIX as cifras son escasamente fiables, no XX a situación non mellora moito, pois a mediados do mesmo os organismos oficiais advirten que os datos publicados se refiren unicamente aos “centros privados que remitiron datos”, entre os que non figurarían os dirixidos polos escolantes. Ademais, desaparece das estatísticas a categoría de “escolas privadas de temporada”, polo que deberemos basearnos noutros indicios para apreciar a súa extensión e distribución espacial.

Todas as fontes poñen de manifesto que as escolas de ferrado tiñan o seu principal campo de actuación na provincia lucense. Segundo as estatísticas decimonónicas antes citadas, Lugo tiña entre o 78 e o 100% das escolas privadas de temporada galegas. Os testemuños cualitativos apuntan na mesma dirección. O Rector da Universidade de Santiago informaba en 1866 ao Director xeral que era na provincia de Lugo

⁴⁹ Comunicación da Xunta provincial de Instrucción pública ao Rectorado, 30 de agosto de 1861, AHUS, leg. 164.

donde existe en gran escala el mal de que tantas veces informé a esa Superioridad, y consiste en que por la falta de escuelas públicas incompletas que los Ayuntamientos se resisten a dotar, se encargan de cubrirlas con carácter de privadas durante el invierno en muchísimas aldeas, único punto en que este hecho se verifica, personas que leen mal y escriben peor. Este abuso ha subsistido y subsistirá, porque está patrocinado por los Alcaldes, y solo cuando se instalen y doten escuelas de aquella clase podrán desaparecer. Así lo hizo presente el Inspector al Rectorado, el cual tuvo y tendrá que resignarse a esperar del tiempo el remedio. En las demás provincias del Distrito la enseñanza privada sin título apenas existe.⁵⁰

Esta afirmación, segundo a cal o “problema” das escolas de ferrado se cinguiría á provincia lucense, non semella axustarse á realidade. Sabemos que estaban presentes na provincia da Coruña, onde en 1875 se computan 715 escolas privadas, das que 684 son elementais⁵¹, podendo afirmarse sen ningunha dúbida que a inmensa maioría delas eran de ferrado, tal como se pon de manifesto na súa descrición por parte do Rectorado⁵². En 1879 o inspector coruñés Manuel Panero afirmaba que estas escolas constituían un dos factores que dificultaban o progreso do ensino primario⁵³. Xa ben entrado o século XX, Eugenio Carré Aldao dicía que existían en “muchísimas parroquias de esta provincia”⁵⁴.

En Ourense é onde o ensino privado ten menor peso segundo as estatísticas oficiais, sendo tamén aquí onde antes se desenvolve unha rede de ensino público, por precaria que fose. De todas formas, en 1867 rexístranse 36 escolas privadas de temporada⁵⁵. O inspector José Seara, en visitas realizadas cara 1880, informa da súa existencia en nume-

⁵⁰ Comunicación do Rectorado á Dirección xeral de Instrucción pública, 30 de setembro de 1866 (borrador), AHUS, leg. 160.

⁵¹ “Provincia de la Coruña. Cuadro que expresa el número de Escuelas de 1ª enseñanza y el de alumnos concurrentes a la misma”, 4 de febreiro de 1876, AHUS, leg. 161.

⁵² “(...) las escuelas privadas de las aldeas no merecen el nombre de tales, porque ni tienen locales regulares, ni menaje de ninguna clase, y los que están al frente de ellas carecen de aptitud legal y de conocimientos; así es que se contentan únicamente con enseñar a conocer y a mal formar las letras por una muy mezquina retribución, de manera que al cabo de tres o más años salen de la escuela los alumnos más aventajados sabiendo tan solo leer mal y escribir peor.” (“Borrador de un estado de la Instrucción pública en el distrito universitario de Santiago durante el curso académico de 1874 a 1875”, AHUS, leg. sen clasificar).

⁵³ “Memoria de las visitas de Inspección girada a las escuelas desde Enero a Agosto de 1879”, A Coruña, 30 de setembro de 1879, AHUS, leg. 29.

⁵⁴ Cfr. a cita correspondente á nota 11.

⁵⁵ *Anuario Estadístico de España*, Madrid, Establecimiento Tipográfico de M. Minuesa, 1870, páx. 487.

rosos concellos. Outro inspector, Salvador de Juan y Ponsoda, fornécenos a seguinte descrición das escolas privadas ourensás a principios do século XX:

Como tales consideramos ás que, baixo a dirección dunha persoa, polo xeral sen título de competencia, se establecen nas aldeas en locais faltos de toda condición hixiénica e pedagóxica, mais como deste defecto adoeceen tamén os das nosas escolas públicas non temos porque tildalas baixo este punto de vista. No demais non merecen tampouco os honores de escolas porque o mesmo que se instalan hoxe desaparecen pasados uns días ou uns meses, quizais para non voltar a funcionar máis, e nin teñen organización nin método algún. Son, digámolo así, reunións de nenos baixo a vixilancia dunha persoa que lles axuda e dirixe en aprender, mecanicamente, anacos de prosa e verso; en copiar imitando á perfección a letra de documentos públicos antigos e en resolver as catro operacións fundamentais sen ter noción do que é unha cantidade nin sabela escribir sequera.⁵⁶

O inspector de ensino primario pontevedrés laiábase en 1849 de que existían “muchos maestros intrusos, por cuya razón promovió en la comisión provincial la necesidad de hacer desaparecer semejante abuso.”⁵⁷ Domingo Erosa y Fontán, mestre pontevedrés, dicía en 1866 que as escolas públicas incompletas se crearon co propósito de “exterminar las escuelas intrusas”, que non obstante “gozan de completa salud en todas partes, haciendo una guerra a muerte a las públicas.”⁵⁸ A estatística de 1880 atribúelle a esta provincia só catorce escolas privadas de temporada⁵⁹, pero en 1875 os concellos de Silleda e A Estrada xa sumaban quince⁶⁰.

Polo demais, o *Diccionario Geográfico* de Pascual Madoz (1845) rexistra escolas privadas temporais ou pagadas en especie nas catro provincias, aínda que con desigual intensidade. E numerosos textos refírense ás escolas de ferrado como un fenómeno común a todo o mundo rural galego, se ben é certo que a maioría dos seus autores son lucenses de orixe ou residencia.

⁵⁶ “Memoria anual do inspector de ensino primario Salvador de Juan y Ponsoda (1904)”, *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación*, nº 1, 1997, páx. 227 (texto traducido e comentado por Antón Costa Rico e Narciso de Gabriel).

⁵⁷ “Instrucción primaria”, *Boletín Oficial del Ministerio de Comercio, Instrucción y Obras Públicas*, nº 112, 21 de febreiro de 1850, páx. 349.

⁵⁸ Domingo Erosa y Fontán, “La primera enseñanza y su profesorado. Artículo III”, *Revista de Primera Enseñanza*, nº 58, 16 de decembro de 1866, páx. 399.

⁵⁹ *Estatística general de primera enseñanza correspondiente al decenio que terminó en 31 de diciembre de 1880*, Madrid, Imprenta y Fundación de Manuel Tello, 1883, cadro 2.

⁶⁰ Estados escolares dos concellos de Silleda (8 de maio de 1876) e A Estrada (15 de abril de 1876), AHUS, leg. 124.

Agora ben, aínda sendo esto realmente así, é evidente que as escolas de ferrado non acadaron o mesmo nivel de difusión nin tiveron a mesma duración histórica nas catro provincias. O cadro adxunto mostra a evolución do número de escolas públicas entre 1845 e 1950. Como pode apreciarse, a mediados do XIX o ensino público tiña unha implantación sumamente restrinxida en Galicia, e nomeadamente en Lugo, que será o principal escenario das escolas de ferrado. Ourense salientaba, pola contra, como a provincia mellor dotada de escolas públicas, por máis que algúns dos seus mestres continuarán sendo pagados en especie⁶¹ e pondo

Evolución do número de escolas públicas (1845-1950)

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
1845	91	53	376	84	604	
1850	110	62	397	98	667	13.112
1855	425	111	413	185	1.134	16.709
1860	563	180	511	436	1.690	20.198
1875	606	231	503	466	1.806	
1885	654	291	632	509	2.086	24.529
1900	697	404	676	523	2.300	25.348
1908	706	396	684	544	2.330	24.915
1921	816	590	844	765	3.015	27.445
1930	1.199	992	1.164	1.069	4.424	35.989
1940	1.659	1.382	1.626	1.594	6.261	44.415
1950	1.898	1.609	1.836	1.734	7.077	59.686
1900=base 100						
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
1845	13	13	56	16	26	
1850	16	15	59	19	29	52
1855	61	27	61	35	49	66
1860	81	45	76	83	73	80
1875	87	57	74	89	79	
1885	94	72	93	97	91	97
1900	100	100	100	100	100	100
1908	101	98	101	104	101	98
1921	117	146	125	146	131	108
1930	172	246	172	204	192	142
1940	238	342	241	305	272	175
1950	272	398	272	332	308	235

Fontes: 1845, Datos procedentes de Madoz elaborados por Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres*, Santiago, 1989, páxs. 85-89; 1850 e 1855, *Estadística de la primera enseñanza de la Península e Islas adyacentes correspondiente al quinquenio de 1850 a 1855*, Madrid, 1858, cadros 1 e 11; 1860, *Anuario estadístico de España*, Madrid, 1862, pág. 326; 1875, Estados escolares de cada unha das provincias galegas, AHUS, leg. 161; 1885, *Estadística general de primera enseñanza correspondiente al quinquenio que terminó en 31 de diciembre de 1885*, Madrid, 1888, cadro 1; 1900, *Anuario estadístico de Instrucción pública correspondiente al curso de 1899 a 1900*, Madrid, 1901, páxs. 362-63; 1908, *Reseña geográfica y estadística de España*, Madrid, 1914, t. III, páxs. 358-59; 1921, *Anuario estadístico de España. Año VIII. 1921-1922*, Madrid, 1923, páxs. 358-59; 1930, *Anuario estadístico de España. Año XVII. 1931*, Madrid, 1933, pág. 52; 1940, *Anuario estadístico de España. Año XX*, Madrid, 1943, páxs. 196-97; 1951, *Estadística de la enseñanza en España. Curso 1950-51*, Madrid, 1953, pág. 8.

⁶¹ "En medio de la escabrosidad del terreno de esta provincia, de lo diseminado de su vecindario y

escola de forma temporal⁶², tratándose moi posiblemente de escolantes reconvertidos, e tamén será aquí, como xa dixemos, onde as estatísticas rexistren unha menor presenza do ensino privado.

A traxectoria da escola pública en Galicia coñece dúas fases dunha forte expansión ao longo dos anos considerados, analogamente ao que acontece no resto de España: a década de 1850 e as de 1920 e 1930, que se prolongarán ata o remate da II República. Durante ambas posiblemente se reduciu o número de escolas de ferrado, debido a que foron parcialmente substituídas polas públicas, e mesmo algúns escolantes se incorporan a estas⁶³. Pero o feito de que diminuíran non significa que desapareceran, como corrobóran moitos dos testemuños escritos e orais antes citados. A insuficiencia da escola pública, malia o seu crecemento e mellora, agravada polo acentuado espallamento da poboación, a inercia da tradición e a confianza de moitos labregos no quefacer dos escolantes así o propiciaron.

Durante os primeiros anos do franquismo é moi posible que mesmo se producise unha certa reactivación deste tipo de ensino particular debido á crise que experimenta a escola oficial a raíz dos desaxustes administrativos ocasionados pola propia guerra, a penuria económica, as depuracións e mortes de mestres, etcétera. Algúns dos escolantes entrevistados, aos que fixen partícipes desta hipótese, din compartila, se ben cumpriría contrastala con máis precisión.

Sexa como for, sabemos que cando menos nos anos corenta, cincuenta e ata ben entrados os sesenta persistían en Galicia moitas escolas de ferrado, por máis que as nosas pescudas se centraron polo momento nas provincias de A Coruña e Lugo, e sobre todo nos concellos de Laracha e Baleira. E non só unha por parroquia, como se consig-

de su escasa riqueza, las más de sus escuelas se hallan dotadas, aunque generalmente con frutos del país, que satisfacen por reparto sus vecinos." ("Provincia de Orense", *Boletín Oficial de Instrucción Pública*, nº 13, 31 de agosto de 1841, páx. 55)

⁶² Cfr. a nota 33.

⁶³ Para subliñar a similitude entre as escolas de ferrado e as públicas incompletas, Domingo Erosa y Fontán afirma a continuidade entre o profesorado dunhas e outras a mediados do pasado século: "Y tanto es así, cuanto que los actuales Maestros en su mayor parte, son los mismos de antes, los que regentaban aquéllas, con la sola circunstancia de tener la interina autorización de que antes carecían, como si ésta fuese bastante a obrar en ellos una imposible transformación, en sentido intelectual." (*art. cit.*, páx. 398). José Montes Bertoa, pola súa parte, dinos que na Dictadura de Primo de Rivera algúns escolantes optaron por facerse mestres públicos.

naba nalgũa fonte decimonónica⁶⁴: en Lestón (Laracha) “había varias”, en Buriz (Guitiriz) dúas ou tres, ademais da de Serafín Díaz Castro; e por Baleira habíaas “todo afeito”, segundo nos comunica José Núñez. De modo que se multiplicamos as algo menos de catro mil parroquias galegas por un certo número, mesmo por un, para descontarmos aquelas en que xa terían desaparecido, deberíamos concluír que por estas datas aínda estaban en exercicio bastantes centos de escolantes, se cadra algúns miles.

Estas escolas desapareceron definitivamente, polo que sabemos, na década de 1960, sen que de momento poidamos matizar as diferencias entre unhas bisbarras e outras. A causa inmediata radicou nunha nova e definitiva expansión da escola pública, que deixou sen razón de ser aos escolantes, e as causas máis profundas habería que procuralas nos cambios radicais que experimenta a sociedade rural galega por estas datas. Serafín Díaz Castro dínos que cesou no seu oficio ao pouco de designarse un mestre público para o lugar. Tan pronto chegou presentouse a el e díxolle que se quería pechaba a escola, pero foi autorizado a rematar a temporada. Aínda que non sempre acontecía así, porque José Montes puxo escola en Golmar (Laracha) case á beira dunha pública.

Así pois, a tese segundo a cal en España “la expansión de la escuela pública no substituyó ni desplazó a sistema alguno de enseñanza, como podría ser la propia familia o la enseñanza privada”⁶⁵, debería ser matizada. Polo menos en Galicia a historia non foi esa. Aquí, antes de que o Estado empezase a preocuparse pola educación popular, e sobre todo a adoptar medidas eficaces nesa dirección, as propias clases populares tiñanse dotado de fórmulas escolarizadoras que lles permitían un certo acceso á cultura escrita, con todas as limitacións que se lles queiran apor. A escola pública no medio rural galego non se asentou sobre un ermo, senón que o fixo nun espacio onde florecían as iniciativas escolares, aínda que só fose durante o inverno. O que se produciu entre nós foi, en boa medida, un proceso de substitución da escola privada pola pública. Lémbrese o texto de Domingo Erosa, onde se dicía que as escolas públicas incompletas se crearon coa pretensión de “exterminar” as intrusas. Ese proceso tivo unha duración secular, pois iniciouse a mediados do XIX e non concluíu ata

⁶⁴ “No hace mucho tiempo, que por regla general, existía en cada parroquia una escuela regida por un vecino que se prestaba a ello”, dicía o xornal lucense *La Aurora del Miño* no número correspondente ao 26 de xuño de 1857.

⁶⁵ Clara Eugenia Núñez, *La fuente de la riqueza. Educación y desarrollo económico en la España Contemporánea*, Madrid, Alianza, 1992, 247.

mediados do XX. Sobre o que se ten gañado con tal substitución algo diremos un pouco máis adiante.

6. Matrícula e asistencia

Segundo datos elaborados pola Inspección de ensino primario de Lugo, destinados a estatística escolar de 1875, contaba esta provincia con 227 escolas públicas e 502 particulares, de ferrado a práctica totalidade. A matrícula das primeiras cifrábase en 13.624 -44 nenas por cada 100 nenos- e a das segundas en 16.614 -31 mulleres por cada 100 homes. A matrícula media por escola ascendía a 60 nas públicas e descendía ata 33 nas privadas⁶⁶.

Destes datos dedúcese que as escolas de ferrado, malia non estaren todas contabilizadas⁶⁷, acollían no seu conxunto a máis nenos que as públicas. Por estas mesmas datas é posible que algo similar sucedese na provincia da Coruña, aínda que en Ourense e Pontevedra intúo que os efectivos do ensino público superaban xa aos do privado.

Tamén se deduce das cifras anteriores que a matrícula media das escolas de ferrado era moi inferior á das oficiais, aproximadamente a metade. Esta situación persistirá co paso do tempo, se ben existen importantes diferencias entre unhas escolas e outras, e quizais segundo as zonas e as formas de asentamento da poboación. Así, Manuel Abraira (Baleira) tiña uns dez alumnos e Remigio Varela (Laracha) máis de oitenta.

As escolas de ferrado abasteciáanse fundamentalmente de poboación masculina, sendo, desde esta perspectiva, bastante máis discriminatorias que as públicas. Estas ofertábanse indistintamente para nenos e nenas, e ademais facíase de forma gratuíta as máis das veces. Os pais podían aproveitar ou non esa oferta, pero en todo caso facelo non tiña

⁶⁶ Estado escolar da provincia de Lugo, 16 de abril de 1876. AHUS, leg. 164. Neste estado rexístranse só 13 alumnos nas 48 escolas privadas de temporada que había no concello da Fonsagrada, cifra que substituímos pola de 1.126, que é a que figura no estado escolar do concello elaborado polo mestre nacional: "Las escuelas privadas, a pesar de haber este invierno cuarenta y nueve, a las que asistieron 1068 niños y cincuenta y ocho niñas, como éstas son de temporada, menos una, las demás se hallan cerradas." (28 de marzo de 1876, AHUS, leg. 164).

⁶⁷ O propio inspector di que "en varios Ayuntamientos no se relacionan escuelas privadas, porque éstas, que lo son por lo común de un modo irregular, suelen tener la insuficiente duración de Dbre., Enero y Febrero, según se comunica en los oficios de remisión de los estados respectivos" (Estado escolar da provincia de Lugo, 16 de abril de 1876. AHUS, leg. 164).

para eles máis custo que prescindir do auxilio que rapaces e rapazas puidesen prestarlles durante a súa permanencia nas escolas. As privadas, pola contra, había que pagalas, e dependían absolutamente da demanda, que adoitaba ser moi selectiva segundo se trata-se de nenos ou nenas, polo menos inicialmente. Nalgúns casos as distancias entre a matrícula masculina e feminina nas escolas de ferrado era abismal: 1.068 fronte a 58 no concello da Fonsagrada en 1875⁶⁸.

Agora ben, a diferenza no acceso de nenos e nenas á escola primaria en xeral, e en concreto ás de ferrado, vai amainando paseniñamente na segunda metade do século XIX, para tender a desaparecer durante as primeiras décadas do XX. No tocante ás escolas públicas as estatísticas oficiais así o demostran, e no que se refire ás de ferrado todos os informantes coinciden nesta apreciación. Este proceso evidencia a progresiva erosión dunha mentalidade refractaria respecto da alfabetización feminina, que aínda tiña un importante peso na sociedade rural galega decimonónica⁶⁹.

E da mesma forma que a escolarización masculina se viu favorecida polo fenómeno da emigración, protagonizada fundamentalmente polos homes nas súas primeiras fases,⁷⁰ semella que o cambio de mentalidade sobre a instrución das mulleres tamén está vencellado á súa incorporación ao fluxo migratorio a principios do XX. José Montes Bertoa iniciou a súa conversa reflexionando de forma espontánea sobre este feito. Referíndose á época en que o seu pai exercía como escolante, alá polos anos vinte, dime:

Porque daquela, naqueles tempos había moitos que acordábanse de ir á escola o día que marchaban, que os medían para ir á mili. (...) Incluso lle daban preferencia sempre máis ao home que á muller; como a muller non..., non tiña que ir á mili, pois por eso non lle daban tanta preferencia. E entón, entón tamén lle empezaron a dar [preferencia] á muller porque había..., aquí era unha zona que emigraba moita xente para América.

Así pois, a expectativa da emigración feminina foi un dos factores que contribuíron a modificar as formas de pensar da sociedade rural galega verbo da ilustración das mulleres, tal como xa sinalaba en 1923 Ramón Castro López, crego de Vilar de Ortelle (Pantón):

⁶⁸ Cfr. a nota 66.

⁶⁹ Narciso de Gabriel, "Mentalidade rural e escolarización feminina na Galicia do século XIX", en Xavier Castro e Jesús de Juana (eds.), *Mentalidades colectivas e ideoloxías*, Ourense, Servicio de Publicacións da Deputación provincial de Ourense, 1992, páxs. 21-47.

⁷⁰ Narciso de Gabriel, "Emigración y alfabetización en Galicia", *Historia de la Educación*, nº 4, 1985, páxs. 321-36.

A las niñas apenas se las mandaba a la escuela hasta hace pocos años, pues había el error común de que las mujeres no necesitan saber leer ni escribir; error que se fue desvaneciendo desde que la emigración de la mujer a América puso patentes estas necesidades literarias, en el bello sexo.⁷¹

As idades de alumnos e alumnas eran moi variables: de catro a dezanove, entre seis e quince ou de nove a dezaioito anos, segundo informan Remigio Varela, Serafín Díaz e Camilo García, respectivamente. Tamén variaba o momento de iniciarse a escolarización, aínda que normalmente era bastante serodía, sobre todo cando os nenos tiñan que recorrer importantes distancias para concorrer á escola. A experiencia escolar prolongábase durante varios anos, pero non sempre discorría de forma continúa nin no mesmo lugar. Un podía empezar a aprender as letras cun escolante, deixar pasar uns anos antes de continuar co mesmo ou con outro distinto, matricularse despois nunha escola pública, e rematar se cadra asistindo as clases dun individuo especialmente avantaxado para a época, pero tamén podía quedar ancorado no “abc”.

A asiduidade dependía en parte da duración da temporada escolar. Cando se restrinxía a dous ou tres meses de inverno a asistencia era moi alta, e os alumnos só faltaban por estaren enfermos ou outras causas xustificadas⁷². Así o favorecía o feito de que unha boa parte deles residisen no lugar onde se facía escola ou nos arredores. Por outra parte, algúns que tiñan a súa casa lonxe buscaban pousada no lugar onde oficiaba o escolante, sobre todo cando este tiña sona. Se a temporada abranguía todo o ano, a asistencia experimentaba máis fluctuacións, debido tanto ao traballo agropecuario, por máis que se procurase axustar o horario escolar ao mesmo, como ás condicións climatolóxicas, que dificultaban especialmente a concorrencia dos que vivían lonxe. De todas formas, ao tratarse de escolas de pago, a asistencia era máis ben alta, pois os pais eran os primeiros interesados en que os seus fillos aproveitasen o tempo. Despois de todo, eran eles quen contrataban por propia iniciativa ao escolante.

7. Práctica escolar

Os escolantes tentaban ensinalles aos seus alumnos a ler, escribir e algo de aritmética, ademais do catecismo. Nin a formación que eles mesmos tiñan, nin as condicións nas

⁷¹ Ramón Catro López, *op. cit.*, páx. 50.

⁷² Entrevista realizada a José Núñez López, 8 de agosto de 1999.

que se desenvolvía este tipo de escolarización permitían normalmente ir máis alá. Andando o tempo, e consonte se empezan a difundir os libros escolares, particularmente as enciclopedias, algúns introducirán nas súas clases outras materias, como a gramática, a xeografía, a historia ou a xeometría.

De todas formas, e a diferenza das escolas públicas, onde existía un currículo oficial ao que todas debían atermos -outra cousa era o que sucedía na realidade-, nas privadas eran os pais quen decidían o que os seus fillos debían aprender, sendo isto tanto máis certo canto máis retrocedemos no tempo histórico. Algúns enviaban aos seus fillos, e sobre todo ás súas fillas, co único propósito de que aprendesen o catecismo; os máis deles querían que aprendesen a ler e escribir, aínda que esta última destreza non sempre se consideraba conveniente para as mulleres; tamén se daba moita importancia ás contas; e non faltaba quen facía demandas máis específicas, como aprender a medir fincas ou cubicar madeira. E os escolantes, na medida das súas posibilidades, procuraban dar satisfacción a tales demandas.

Este control familiar do currículo víase facilitado polo feito de practicarse a aprendizaxe sucesiva: primeiro aprendíase a ler, despois o catecismo e máis tarde escritura e aritmética, de modo que cada un detiña a súa aprendizaxe alí onde os seus pais o estimaban oportuno. Nun informe da Inspección de ensino primario sobre unha escola pública da provincia da Coruña, datado en 1894, expónse perfectamente esta secuenciación:

Carece la escuela de organización y la enseñanza se da individualmente por medios empíricos. Por su modo de ser no se distingue esta escuela de las privadas que a mediados del presente siglo pululaban en nuestras aldeas. Lección diaria y única, durante dos años, de lectura en el silabario y el Catón; transición violenta de la lectura en estos libros impresos con letra abultada a la del Catecismo de Astete cuya letra es muy menuda y comúnmente borrosa, cuyo estudio de memoria no se hacía en menos de un año de asistencia continua, para pasar luego a la clase de escritura, y a la práctica de algunas operaciones de Aritmética, si es que el Maestro se permitía adornar la inteligencia de los niños con tan rudimentarios conocimientos de esta asignatura. Esto no más es la escuela de Abellá, con la diferencia de que de los 19 alumnos presentes al acto de la visita ninguno se ejercitaba en la Aritmética, a pesar de que algunos excedían de la edad de doce años.⁷³

Nun primeiro momento, para a aprendizaxe da lectura non se utilizan libros, senón outros materiais dispoñibles ou elaborados polo mestre. Este facía as chamadas “cartas”,

⁷³ Comunicación da Xunta provincial de Instrucción pública da Coruña ao Rectorado, transcribíndolle outra da Inspección, 30 de marzo de 1894, AHUS, leg. 21.

que eran manuscritos onde figuraban desde letras e sílabas ata palabras e textos máis ou menos longos, e recorría aos “procesos”, que eran escrituras sobre temas diversos existentes nas propias casas dos nenos, desde partillas a compravendas, pasando por preitos varios. Así sucedía no concello de Friol a finais do século XIX: “Mas las [escolas] privadas, además de hallarse en su mayor parte en locales indecentes, de poca capacidad y abrigo, carecen absolutamte. de todo objeto material, sólo lo que cada niño arbitrariamente lleva, que lo más común son los llamados procesos, y otras llamadas cartas que los mismos maestros les hacen de mano.”⁷⁴ E o mesmo acontecía noutros concellos, pois os procesos son unha das notas máis características das escolas privadas rurais decimonónicas, e mesmo estaban presentes nunha boa parte das públicas, malia os esforzos dos inspectores por os erradicaren. Os pais tiñan un especial interese en que os seus fillos soubesen descifrar estes documentos, pois tal era o tipo de escritura coa que se terían que enfrontar as máis das veces no futuro. Os inspectores, pola contra, aspiraban a desterrar esta práctica, tanto por razóns morais -considerábase que moitos dos procesos tiñan un contido escasamente edificante-, como didácticas -deficiencias caligráficas e ortográficas- e organizativas -ao ser cada documento distinto dos demais imposibilitábase abordar o ensino de forma colectiva.

Ademais das cartas e dos procesos, e dada a carencia de libros, botábase man de outros materiais, caso dos Boletíns Oficiais, tal como nos conta José Rodríguez Mourelo:

Cobra [o escolante], cuando cobra, obra de cinco o seis fanegas de centeno al año, que podrán valer sesenta pesetas; un labrador acomodado le presta un local en su casa; si no sobre un carro o en el pórtico de la iglesia se pone escuela, cuyo ajuar y mobiliario consiste en dos o tres *Boletines oficiales* de la provincia, donados por el pedáneo; un tintero de barro con sus *cendales* y su tinta parda; un *proceso* o pleito viejo, regalado por el dueño del directo dominio, según allí dicen; una pluma de ave, que se corta una vez al año, y algunos pliegos de papel delgado del que usan para fumar los labradores pobres. Así se enseña a leer en las aldeas de mi país.⁷⁵

No século XX, consonte empeza a facerse máis común o uso de libros nas escolas, non sen dificultades, tamén as de ferrado os incorporan, e a súa presenza semella ter mudado sensiblemente as prácticas escolares. Ningún dos escolantes entrevistados ten utilizado procesos, se ben case todos tiñan coñecemento deles, e José Montes Bertoa lembra que os utilizaban na escola do seu pai aqueles que non tiñan libros, que non eran

⁷⁴ Estado escolar do concello de Friol, 2 de abril de 1876, AHUS, leg. 164.

⁷⁵ José Rodríguez Mourelo, *op. cit.*, páx. 188

poucos: “Cada un aprendía a ler naquelo que levaba”. Na escola que el fixo xa non se recorría a cartas e procesos, senón a diferentes tipos de libros:

Primeiro había o Silabario, do Silabario pasábase ao Catón, do Catón viña a Guía do Artesano, viña un manuscrito de Paluzzi, despois viñeron aquel manuscrito de Jovellanos, despois ultimamente (...) Países y Mares, ou sea letra manuscrita, non, e así; despois (...) un libro que se chamaba a Juanita (...), e despois viñeran os libros de Rayas, porque tamén xa en tempos, en tempos había tamén xa un método (...) era o mesmo Rayas, pero era en cartillas, non, despois xa veu primeiro, segundo e terceiro de Rayas (...); despois viñeran as enciclopedias (...), estas de Federico Torres, esa de Fillos de Santiago Rodríguez (...), a de Alvarez.

Unha vez que se tiña un certo dominio da lectura, iniciábase a práctica da escritura. Os nenos trazaban primeiro “palotes” e logo aprendían a facer as letras seguindo as mostras que lles facían os mestres ou ben, máis recentemente, utilizando cadernos impresos elaborados con este propósito. Cando xa tiñan adquirido unha certa destreza na formación das letras, copiaban pequenos fragmentos entresacados dos libros de texto e outros materiais. Por último, practicábase a escritura ao dictado, á que lle daban bastante importancia todos os escolantes entrevistados, tal como querían os inspectores do século XIX, especialmente interesados por introduciren estes exercicios nas escolas.

Para exercitar a escritura utilizábase normalmente papel, pregos primeiro e cadernos máis adiante, aínda que as veces tamén se recorría á pizarra:

Para principiar a escribir preparabamos un papel de barba moi malo, e a tinta que usabamos para escribir era de forno. ¿Vde. sabe o que é o forno de coce-lo pan? Pois collíamos o feluxe e peneirábámolo moi ben e metíamos aquel polvo negro nun tinteiro con algo de auga, e xa estaba a tinta preparada.

(...) E a pluma que había e que usabamos era de ave, do rabo ou das ás dos galos. Facíamolle un corte ao bies e entón era cando a usabamos. Despois enseguida veu a tinta analítica que era boa e xa deixamos de face-la outra.⁷⁶

A aritmética adoitaba traballarse ao mesmo tempo que a escritura. Os nenos aprendían primeiro a facer os números e memorizaban a táboa, que cantaban a coro. Despois empezaban coas contas, que normalmente se limitaban ás catro regras básicas, aínda que nalgúns casos se progresaba algo mais, chegando a facerse, por exemplo, a raíz cadrada⁷⁷. O instrumento fundamental para practicar estas operacións era a pizarra, como

⁷⁶ Clodio González Pérez, entrevista citada, páx. 54

⁷⁷ *Ibid.*

sinala Xosé Barreiro Álvarez: “E facíamola nós mesmos dunha lousa: con outra pedra e auga dabámoslle ata que a puñíamos ben pulimentada. E algunhas ata lles poñiamos aros de madeira para que non se riscara ó poñela no chan.” Cando xa estaban realizadas as operacións polos nenos e comprobadas polo escolante, pasábanse a un caderno: “Ademais tamén faciamos un caderno, como lle chamabamos nosoutros, con dous ou tres pregos de papel de barba dobrados como se fose unha libreta. E aí era onde lles asentabamos as contas ós pequenos, e eles despois facíanas na pizarra. Ó telas ben deciamoslle: pásaa ó caderno.”⁷⁸

Cando xa se controlaba a mecánica das catro regras, aplicábanse á resolución de problemas, práctica que semella terse difundido sobre todo no século XX. Aparte dos problemas que puídesse idear o escolante, recorríase aos que ofrecían as diversas aritméticas elaboradas para a escola primaria. Uns dos textos que acadaron maior éxito foron os de Dalmáu Carles, que ademais do libro do alumno comercializaba o libro do mestre ou solucionario. Case todos os escolantes confesan telo consultado a miúdo:

Eu tiña unha aritmética, aínda a teño aí, tiña dúas, unha que se chamaba Aritmética razonada, que era a que tiña os problemas, e outra que se chama Soluciones analíticas, donde ten os problemas todos resoltos. Porque había [nenos] maiores, que me chegaban xa a un punto, que iban a aqueles problemas que a min xa me costaba traballo a resolvelos eu solo.⁷⁹

A doutrina cristiá era outra materia básica, tanto nas escolas públicas como nas de ferrado. Os escolantes entrevistados coinciden en sinalar que se lle dedicaba bastante tempo, demasiado na opinión dalgúns. Pero así o impuñan as circunstancias, e sobre todo o crego, que visitaba de cando en vez a escola para comprobar os coñecementos dos nenos. José Montes Bertoa dicíame que o crego da súa parroquia se queixaba de que os nenos pequenos aínda non soubesen o catecismo, e el retrucáballe que mentres non fosen capaces de ler non os podía poñer a estudar a doutrina, e que as oracións ben llas podían ensinar os seus pais: “Mire, a min mándanme un pequeno de sete ou oito anos e eu nono vou a poñer a meterlle a cartilla na cabeza (...), porque entonces mándanmo para que llo enseñe a ler e non llo dou enseñado.” Iso si, cando xa sabían ler puña un día á semana para o catecismo, como tamén facía o seu pai cando exercía como escolante.

⁷⁸ *Ibid.*

⁷⁹ Entrevista realizada a José Núñez López, 8 de agosto de 1999.

José Núñez López dedicaba os sábados pola tarde e todas as noites, como xa dixemos, ao ensino da doutrina, para o que se botaba man normalmente do Astete. Despois de ceaxuntábanse arredor da lareira os nenos e o mestre e este íalles dicindo a doutrina e facéndolles preguntas. Cando estaba iniciándose no oficio de escolante, e aínda non dominaba toda a materia, un dos vellos presentes nestas veladas nocturnas, que sabía de memoria todo o catecismo, díxolle: “Ai señor maestro, hai que lles ensinar aos pequenos tamén as preguntas dos mandamientos, e as dos sacramentos.” José confesoulle que non sabía máis: “Bueno, pois en cuanto esteas eiquí na miña casa eichas dicir eu”. E efectivamente, a semana que puxo escola na casa deste vello, parente seu, “así que eu non sabía máis xa, collía o vello, venga..., venga..., que cosas son los sacramentos (...), que cosa es gracia (...), empezaba con todo eso, hasta que acababa.” Co paso do tempo estudiou o catecismo completo para poder ensinárllelo aos nenos.

Ler, escribir, contar e memorizar o catecismo eran, polo tanto, as operacións básicas que se realizaban nestas escolas, o mesmo que nas públicas. Durante todo o século XIX case nunca se traspasaban eses lindeiros. Agora ben, no XX, coincidindo cunha maior difusión dos libros de texto, algúns escolantes introduciron nocións de outras materias. Primeiro estudiábanse mediante pequenos epítomes ou resumos e máis adiante polas enciclopedias, presentes nas escolas de todos os mestres entrevistados. A partir dese momento facíase unha mínima programación para os nenos que xa dominaban as destrezas básicas, asignándose días ou sesións á gramática, xeografía, historia ou xeometría. José Núñez López di que aquí radica precisamente a principal diferenza entre as escolas de ferrado que coñeceu de pequeno, alá polos anos vinte e trinta, e a que el fixo nos corenta: “Había a diferenza de que cando eu fun de neno non nos enseñaban máis que ler e escribir e problemas, cuentas, diciamos as cuentas, e catecismo, ademais outra cousa, conocimientos, estudiar, diciamos nosoutros, estudiar de memoria gramática, geografía, deso nada, non se conocía nada.” No seu caso dábballe unha especial importancia aos coñecementos xeográficos, e mesmo se fixera con dous atlas -mapas de parede non tiña- para lles ensinar aos rapaces onde estaba a capital de España, os principais ríos e montañas ou os puntos cardinais, o que non deixaba de chamar a atención dos veciños, por constituír unha novidade por aquelas terras: “Por eso daquela, bueno oh, daquela collera eu un auge de la Virgen”. Os outros escolantes da comarca seguían, non obstante, “polo de antes”.

Para ensinaren, os escolantes inspirábanse na forma de traballar dos mestres que coñeceran, fosen privados ou públicos. No seu ensino reproducían, xa que logo, non só o que aprenderan de nenos ou mozos, senón tamén os procedementos de aprendizaxe que

con eles se utilizaran. O ensino era individual, por máis que xa no século XX algúns tentaban clasificar aos escolares en grupos. José Núñez López diferenciaba tres: os que estaban aprendendo a ler e a facer as letras, “os que andaban polo medio” e os que traballaban cunha certa soltura coas enciclopedias. José Montes Bertoa tamén formaba grupos, aínda que ensinaba a cada neno en particular, a non ser que se tratase dunha explicación xeral: “Senón os alumnos sempre tiñan que pasar por diante de min, para saber quen era o que sabía.” Polo demais, o número de alumnos, que era máis ben reducido, polo menos nalgunhas zonas, tamén favorecía esta forma de ensinar.

Aínda sen lles preguntar polas prácticas disciplinarias, case todos os escolantes se refiren aos castigos. Serafín Díaz Catro declara que aplicaba na escola “o que me ensenara o maestro nacional, e a maneira de ensinar e a maneira de pegar”, se ben non castigaba tanto a falta de aplicación como a de respecto. José Núñez López di que “daquela podíanse tocar na cara”, e “se cuadra un que era algo traste ou tal levaba unha chuletiña escapadito. Ou poñelo de rodillas. Ou poñelo un pouquín dereito cos brazos abertos”, pero, segundo tiña observado, o máis expeditivo era darlles unha pequena labazada. E cando se laiaban na casa de que lles pegara o mestre, diciánlles os pais: “Fixo ben, por algo sería.”

Nun texto do século XIX afirmase que unha das razóns polas que os labregos daban preferencia ás escolas de ferrado era a de que os escolantes “no obligan a sus hijos a que hablen el lenguaje nacional ni a que usen en la lectura y escritura los signos de ortografía, argumentando que ellos no conocieron semejantes cosas y vivieron en el mundo y que eso es bueno para los que siguen carreras (...)”⁸⁰. Preguntados polo idioma que utilizaban nas súas clases, todos os escolantes din que se facía uso do galego, por ser esta a forma en que normalmente se comunicaba a práctica totalidade da poboación rural. Unicamente cando había que facer algunha explicación especialmente cerimoniosa, ou cando mediaba o uso do libro, se recorría ao castelán: “Faláballes en gallego, solo que si, despois, o que había que explicar no libro, había que explicalo en castellano, que tamén eles o leran en castellano”⁸¹; “cando lles estaba explicando a lección, explicáballes, bueno, todo en castelán, pero cando tiña que..., bueno, sin libro nin nada, faláballes en galego”⁸². Unha muller que asistiu a unha escola pública e varias de ferrado dinos que na primeira o mestre se expresaba en castelán, “pero despois os máis [mestres] eran así coma nosoutros”,

⁸⁰ *El Magisterio Gallego*, 25 de novembro de 1885.

⁸¹ Entrevista realizada a José Núñez López, 8 de agosto de 1999.

⁸² Entrevista realizada a Serafín Díaz Castro, 5 de xuño de 1999.

e que ela nunca falaba na escola en castelán “máis no que lía”⁸³. Agora ben, a realidade debía ser diversa segundo as zonas e momentos, pois José Montes Bertoa e Remigio Varela Becerra afirman que na escola falaban cos nenos en castelán, por máis que fóra dela o fixesen en galego. En todo caso, semella que a presenza do castelán nas escolas de ferrado camiña parella coa progresiva introducción dos libros de texto, así como coa crecente presión institucional e social que se realiza desde diversas instancias.

8. Entre a denigración e o aplauso

As escolas de ferrado mantiveron a súa actividade ata hai poucos anos por acomodárense ás demandas da poboación rural, que lles prestaba o seu incondicional apoio, ao dicir dalgúns inspectores. Ían á procura da súa clientela, instalándose no lugar máis a propósito para facilitar a asistencia; funcionaban cando o traballo dos nenos era menos necesario para a economía familiar; pagábanse en especie, o mesmo que se facía con outras cargas contributivas, como era o caso dos foros; ensinábanlles aos nenos aquilo que os seus pais consideraban necesario e non outra cousa; e utilizaban os procedementos didácticos tradicionais: ensino individual, aprendizaxe sucesiva e lectura de procesos, isto último polo menos no XIX e principios do XX. O escolante pertencía ademais ao mesmo universo cultural que o resto dos labregos, era simplemente o veciño máis instruído, era xente “así coma nosoutros”, dicía Consuelo Leal ao preguntarlle polo idioma en que falaba o que lle deu clase de nena.

As escolas públicas, pola contra, estaban máis distantes, tanto física como culturalmente. Púñaaas o concello, e do concello non viña normalmente nada bo, pois era alí onde aniñaban moitos dos inimigos dos labregos, tal como predicaba a *Doutrina labrega*, un dos textos máis populares e divulgados da nosa literatura:

A maores do mundo, do demo e da carne, como teñen tódalas xentes, temos un fato deles: nove ministros en Madril, o delegado da Facenda na provincia, o adeministrador da subalterna no partido, o alcalde, os concexales i o sacretario no concello, o cacique da parroquia, o veciño de porta con porta, a miseria na casa, os pedriscos nos eidos, a filoxera nos viñedos, o recaudador metido na cabeza, os trabucos e a contribución territorial na cana dos osos, a de consumos entalada nas gorkas, a crencia de que non hemos millorar de sorte no espritu, as falcatrúas da Curia enterradas astra o redaño, etc., etc., etc.⁸⁴

⁸³ Entrevista a Consuelo Leal realizada por Fernando Moreira Abelleira en 1987.

⁸⁴ Valentín Lamas Carvajal, *O Catecismo do Labrego e outras prosas*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1990, páx. 57.

A iniciativa de crear unha rede escolar primaria de carácter público en España adoptouna a administración central. Durante a primeira metade do XIX aprobáronse diversas disposicións neste sentido, pero será a mediados desta centuria cando a Lei Moyano (1857) deseñe definitivamente o mapa escolar. Este mapa terase que modificar parcialmente no caso galego, debido á singular disposición da súa poboación no territorio⁸⁵. En síntese, prevíase crear na cabeceira de cada concello unha escola completa de nenos e outra de nenas, aínda que esta podía ser incompleta, así como as incompletas e de temporada que fosen necesarias para atender ao resto da poboación. Para os núcleos de máis de vinte mil habitantes contemplábanse escolas superiores.

Como pode apreciarse, non existía unha única modalidade escolar, senón varias, dependendo a súa categoría -superiores, completas, incompletas e de temporada- do número de habitantes de cada distrito. As diferencias entre unhas e outras escolas aprécianse na súa propia denominación, e concrétanse en aspectos como a extensión curricular, cualificación e dotación do profesorado, infraestrutura material, calendario -as de temporada, como o seu propio nome indica, funcionaban só durante unha parte do ano- e horario.

Agora ben, aínda que a iniciativa para a súa creación correspondese á administración central, o sostén económico das escolas públicas recaerá inicialmente nos concellos. E estes non sempre cumprirán coas súas obrigas, ben sexa por insuficiencia de recursos, ben por falta de interese. A administración central tentará vencer estas resistencias a través dos Rectorados, Xuntas provinciais de Instrucción pública e Inspeccións, pero as súas xestións non sempre tiveron éxito, pois os poderes locais dispuñan, na práctica, dunha ampla autonomía na súa actuación, e en todo caso de mecanismos para entorpecer a aplicación das medidas adoptadas polas instancias superiores. En ocasións mesmo se negaban a colaborar na elaboración dos recontos estatísticos programados polo goberno central, como tivemos ocasión de comprobar.

Esta actitude reflicte o escaso interese que a instrucción pública suscitaba en moitas autoridades locais, desempeñadas ou controladas polos notables do lugar⁸⁶. A razón de ser desta postura posiblemente radique na función de intermediarios que realizan os nota-

⁸⁵ Esta adaptación fíxose mediante a Real orde de 18 de outubro de 1859, a xénese da cal se analiza en Narciso de Gabriel, *Leer, escribir y contar*, citado, páxs. 119-22.

⁸⁶ Sobre a posición dos notables locais en relación coa difusión da instrucción popular, cfr. Abram de Swaan, *A cargo del Estado*, Barcelona, Pomares-Corredor, 1992, páxs. 68-140.

bles, consistente en conectar a poboación rural cos circuitos urbanos e administrativos. Esta labor de intermediación baseábase, entre outras cousas, no analfabetismo dunha boa parte da poboación, de modo que os notables non estaban, desde esta perspectiva, interesados na difusión social da lectura e da escritura, e así o confirman diversos testemuños.

O inspector Manuel Panero dicía que os caciques -“enemigos de la luz, como los murciélagos”- procuraban que os labregos asociaran os impopulares impostos municipais coas escolas públicas. Nalgúns concellos, cando había que aprobar os orzamentos, íanse enumerando, con asistencia dos veciños, os gastos ocasionados por todas e cada unha das escolas, diferenciando en cada caso os catro capítulos regulamentarios: dotación e retribucións do mestre, material escolar e aluguer dos locais, “con lo que se hiere el tímpano de aquellos oídos, acaban todos por aburrirse, y hasta llegan muchos a maldecir de tan útiles como necesarios funcionarios.”⁸⁷ Tratábase así de facer responsable ao ensino público das cargas municipais e transferir ás escolas o rexeitamento que os impostos suscitaban.

De todas formas, a posición da poboación rural sobre a escola pública non se pode caracterizar como de simple hostilidade, por máis que nalgúns momentos se produzan reaccións contra a mesma⁸⁸. Consonte se implanta a rede escolar, moitos labregos dirixíranse ás autoridades en demanda de máis escolas, denunciarán a escasa dedicación ao ensino por parte dalgúns mestres -aínda que tales denuncias estaban moitas veces motivadas por circunstancias alleas á instrucción- ou reclamarán determinadas melloras.

O esquema que vimos de debuxar para as escolas públicas non se axusta ao que caracteriza ás de ferrado. A actitude positiva dos labregos cara as mesmas non admite dúbidas: eran eles quen as sostiñan coas súas contribucións, e cando podían optar entre públicas e privadas facían moitas veces polas segundas. Os notables locais tampouco parecen ter constituído un atranco para o seu funcionamento. Máis aínda, contaban co patrocinio dos alcaldes, segundo podemos ler nun documento do Rectorado xa citado⁸⁹. Esta protección explícase, de entrada, por razóns económicas, pois a existencia de escolas de ferrado servíalles de escusa para non crearen as públicas. Polo demais, e aínda

⁸⁷ *El Magisterio Gallego*, 15 de setembro de 1887.

⁸⁸ Mercedes Suárez Pazos, “El campesinado gallego y su rechazo a la escuela primaria (1868-1874)”, *Historia de la Educación*, nº 2, 1983, páxs. 317-24.

⁸⁹ Cfr. a cita correspondente á nota 50.

que este grupo social non estivese “obxectivamente” interesado na difusión da instrución, os escolantes transmitían uns saberes tradicionais e terminais -no sentido de careceren de continuidade-, os mesmos que algúns dos notables seguramente tiñan adquirido de nenos. Estes saberes posiblemente se percibisen como menos ameazantes e desestabilizadores que os transmitidos polas escolas públicas, sometidas a unha lóxica curricular distinta e controlada por instancias externas, e mesmo inseridas nun sistema de ensino do que teoricamente constituían o primeiro nivel. Cando o señor da Casa Grande do lugar lle contestaba ao pai de Serafín Díaz Castro, de mentalidade rexeneracionista, que polos camiños viñan os “xitanos” e polas escolas o “descontento”, case seguro que estaba pensando nas escolas públicas máis que nas de ferrado.

A administración escolar, pola contra, adopta unha posición claramente crítica coas escolas de ferrado. O Rectorado da Universidade de Santiago, de quen dependía no XIX todo o sistema de ensino en Galicia, publicou o 3 de xaneiro de 1866 unha circular establecendo un prazo para que os escolantes que desexasen seguir no oficio realizasen unha proba de aptitude perante a Xunta provincial, debendo clausurar as escolas os que non se presentasen ou suspendesen o exame. Pero a disposición tivo escaso éxito. O inspector provincial de Lugo comunicalle ao rector que malia as xestións realizadas para pechar as “escuelas privadas regidas por Maestros sin título, sólo se ha llevado a cabo esta medida con la de D. Ramón López de Villanueva de Lorenzana.” O fracaso das xestións foi debido á

oposición que encontraron en los Alcaldes, quienes, o me decían que habían cerrado tales escuelas sin haberlo hecho, como los de Monforte y Rivadeo; o bien, como el de Mondoñedo, pretendían evadirse de dar una contestación categórica, diciendo que las escuelas privadas eran de temporada y que éstas las habían cerrado espontáneamente (sic) sus Maestros en fin de Marzo; y callándose respecto a las incompletas de la capital. El Alcalde de Vivero tomó el partido de no contestar, y aun me dijo verbalmente que nada haría en este asunto, sino a la fuerza; pues no quería cargar con la odiosidad de una medida que ponía en la calle a muchos niños que por su edad no eran admitidos en las escuelas públicas, ni contribuir a que se habilitasen como Maestros personas que no tenían otra circunstancia que los recomendase más que una conducta regular.⁹⁰

O texto evidencia, unha vez máis, as dificultades do aparello administrativo escolar para conseguir que as súas disposicións fosen executadas polas autoridades locais, a protección que estas dispensaban ás escolas de ferrado e a popularidade dos escolantes

⁹⁰ Comunicación da Inspección de Lugo ao Rectorado, 10 de novembro de 1866, AHUS 160.

entre a poboación rural. Como recoñecerá o Rectorado noutro escrito datado tamén en 1866, haberá que agardar do tempo o remedio⁹¹, pois as medidas coercitivas non resultaban eficaces, por carecer quen as dictaba de medios efectivos para facelas cumprir. Polo demais, a administración tamén carecía de recursos ou vontade para facer unha oferta alternativa e en mellores condicións.

Ao igual que o Rectorado, a Inspección de ensino primario adoptará unha posición crítica cos escolantes, aínda que non todos os inspectores propuñan as mesmas medidas. Algúns pretenderán suprimir sen máis as escolas de ferrado, atendendo ás súas múltiples deficiencias: “Las autoridades locales prestarían un gran servicio a la higiene pública mandando cerrar estos focos de insalubridad.”⁹² Outros, máis posibilistas, defenderán a introducción de certas reformas, sobre todo mentres non se poidesen substituír con escolas públicas

(...) no pretendo dar a conocer, ni mucho menos, que vea con disgusto la multiplicación de escuelas particulares en la época de invierno. Ellas, aunque poco, vienen a hacernos algún beneficio, por aquello de “vale más algo que nada”; pero sí debe aspirarse a que las Juntas locales intervengan en ellas, por lo que hace a higiene y moralidad, para evitar el daño que los niños experimentan, dándoles insalubres locales, y considerándose aptos para dirigirlos individuos no siempre convenientes por sus poco delicadas costumbres.⁹³

As críticas verquidas nestes e outros documentos obedecen a razóns diversas aínda que ensarilladas. Baséanse nas múltiples deficiencias que se lle apoñen ás escolas de ferrado, desde as características dos locais á preparación dos escolantes. Agora ben, eran esas condicións nas que se viña facendo tradicionalmente escola. Se empezan a percibirse como deficientes é porque se ollan desde os parámetros definidos pola nova racionalidade pedagóxica que se tentará impor durante todo o século XIX e que terá no corpo de inspectores, organizado en 1849, os seus principais abandeirados.

Fronte a un ensino practicado de forma empírica e rutinaria, empeza a elaborarse un corpo de saber pedagóxico que aspira a dirixir con criterios científicos a actuación dos mestres e a organización das escolas. Este saber cristaliza en diversos tratados e difúndese a través de manuais e publicacións periódicas, reflectíndose tamén en regulamentos e outras disposicións legais. As Escolas Normais, creadas a partir da década de 1830, serán as encargadas de subministralo aos futuros mestres, aínda que o farán case sem-

⁹¹ Cfr. a cita correspondente á nota 50.

⁹² Comunicación da Inspección á Xunta provincial de Instrucción pública de Ourense, 29 de setembro de 1879, AHUS, leg. 92.

⁹³ Comunicación da Inspección de Lugo ao Rectorado, 18 de xullo de 1876, AHUS, leg. 35.

pre en doses moi limitadas. De calquera maneira, quen se inscribise nunha Normal adquiría unha certa noción dos métodos, sistemas e procedementos de ensino, ademais dunha formación cultural que completaba a adquirida na escola primaria, e dispuña dunha credencial que sancionaba a súa idoneidade para dedicarse ao ensino.

Pois ben, as escolas de ferrado constituían o reverso do modelo que se tentaba impor. Fronte á xeralización das materias de ensino, practicábase a aprendizaxe sucesiva: primeiro lectura, despois doutrina e máis tarde escritura e contas; fronte aos novos sistemas de organización escolar -simultáneo, mutuo ou mixto-, seguía dominando o individual; fronte aos procedementos silábicos, deletreo; no canto de libros, cartas e procesos. Estas prácticas "rutinarias", ademais de seren negativas para as escolas privadas, tamén o eran para as oficiais, pois os pais dos nenos, acostumados como estaban ás mesmas, demandaban aos mestres públicos que se axustasen a elas, chegando mesmo a retirárenos da escola en caso contrario. O Inspector lucense Vicente Pérez Sierra así o testemuña:

Conocedor prácticamente del resultado de la educación y enseñanza en la generalidad de tales escuelas, de su gran movilidad y corta duración, de la imposibilidad de poder asimilarlas a las públicas a los efectos legales por sus pésimas condiciones, a no mejorarse notablemente, con su desaparición ganarían las familias y la enseñanza pública; las familias o los pueblos porque en dicho supuesto, en vez de oponerse, solicitarían la creación de escuelas públicas y la enseñanza oficial porque en tal caso adquiriría más importancia y sus Maestros no tendrían que invertir gran suma de tiempo en corregir los vicios contraídos en las mencionadas escuelas, ni en contrarrestar la ignorancia de muchos padres de familia que llegan hasta retirar a sus hijos de las escuelas públicas rurales, ya porque en ellas les sujetan a formar las letras con arreglo a los principios caligráficos, y a leer por el procedimiento silábico, ya porque les enseñen Historia sagrada, Gramática, el sistema métrico, etcétera, etc., especialmente en las escuelas de niñas.⁹⁴

E se as escolas de ferrado eran o reverso do novo tipo de ensino que se propugnaba, os escolantes éranos do profesional en que o mestre público aspiraba a se converter. Coñecemento empírico do oficio fronte a unha formación específica, por limitada que fose, que lexitimaba o exercicio da profesión; dedicación a tempo parcial fronte a dedicación a tempo completo; actuación illada fronte a un asociacionismo que irá adquirindo unha certa consistencia andando o tempo; marco de referencia local fronte a un marco de referencia estatal. Esta contrainmaxe resultaba especialmente ameazante para unha profesión tan vulnerable como o maxisterio, pois, en última instancia, a existencia de escolantes viña a poñer de manifesto que a profesión de mestre era prescindible.

⁹⁴ Vicente Pérez Sierra, *op. cit.*, páxs. 14-15.

Pero ademais de xustificarse apelando á necesidade de modernizar o proceso de ensino e de introducir unha certa profesionalización no oficio de mestre, a intervención do Estado sobre as escolas de ferrado semella obedecer á pretensión de exercer sobre as mesmas algún tipo de control, por precario e mesmo ficticio que fose. E dicimos ficticio porque, por exemplo, nas probas de aptitude decretadas polo Rectorado para os escolantes en 1866, presentáronse na provincia de Lugo 168 -cifra que sen dúbida representaba unha pequena porcentaxe dos realmente existentes- e suspenderon só seis, sendo catro deles aprobados nun segundo exame. Entón, unha de dúas: ou os escolantes non eran tan incompetentes como se dicía para realizaren as súas funcións, ou do que se trataba non era de avaliar a súa competencia profesional, senón de practicar un exercicio de autoridade, de sancionar desde a administración a legalidade destas escolas, de reservarse a facultade de decidir quen podía ou non dedicarse ao ensino.

Malia o que se dixo ata agora, a contraposición que vimos de facer entre escolas de ferrado/públicas e escolantes/mestres debe ser matizada. Esta oposición só cabe aplicala ás escolas completas e aos mestres titulados. Pero na segunda metade do século XIX máis da metade das escolas oficiais existentes en Galicia eran incompletas e máis da metade dos mestres non tiña título. E a comparación das escolas de ferrado e dos escolantes coas incompletas e os mestres que as rexentaban evidencia a continuidade entre unha e outra realidade, como tentei poñer de manifesto noutro traballo⁹⁵. En efecto, tanto se contrastamos os recursos materias e humanos como o currículo deberemos convir que as continuidades sobardan as rupturas. De modo que a crítica feita pola administración ás escolas de ferrado en nome da modernidade e do progreso non está exenta de contradicións, pois o Estado sostiña centros que non diferían moito destas. E non faltan inspectores que así o recoñecían, polo menos no que respecta ás súas condicións materiais, como é o caso do ourensán Salvador de J. y Ponsoda⁹⁶.

Dado que as escolas públicas incompletas se acomodaban practicamente ao mesmo esquema que as tradicionais escolas de ferrado, cabe preguntarse entón que gañou a poboación rural coa transición -longa transición, pois durou máis dun século- do ensino "antigo" ao "moderno". A interrogante carece de orixinalidade, pois xa fora formulada por Domingo Erosa y Fontán en 1866: "Ahora bien: si esto es así, ¿qué necesidad satisfacen las actuales escuelas incompletas, que no fuesen satisfechas por las antiguas, de carác-

⁹⁵ Narciso de Gabriel, *Leer, escribir y contar*, citado, páxs. 172-77.

⁹⁶ Cfr. a cita correspondente á nota 56.

ter privado?, porque su marcha orgánica y su enseñanza es casi idéntica, es casi igual.”⁹⁷ Así pois, a curto e medio prazo, a maior parte da poboación rural, é dicir, toda aquela que non podía recorrer aos servizos dunha escola completa e dun mestre titulado, non viu melloradas significativamente as condicións nas que se instruían os seus fillos. O que viron incrementadas foron as cargas impositivas, pois ademais de pagar aos escolantes mantiñan cos seus impostos aos mestres públicos, tal como lles lembraban os notables do lugar ao aprobárense os orzamentos.

Haberá que agardar a que desaparezan as escolas incompletas, xa entrado o século XX, e se cre un único tipo de escola, a “escola nacional”, a cargo de mestres titulados, para que empecen a mellorar as condicións de escolarización da poboación rural. E mesmo daquela con matices, pois convén ter presente que as deficiencias cuantitativas e cualitativas (infraestructuras, material didáctico, formación, dotación e dedicación do profesorado) da escola pública prolongáronse ata hai poucos anos. Máis aínda, sen descoñecermos os avances que se produciron durante o primeiro tercio do século actual e a partir de 1950, pode afirmarse que o Estado nunca foi quen de escolarizar aos nenos do medio rural galego no seu propio hábitat. Cando se conseguiu unha escolarización plena e en mellores condicións, sen entrarmos nas críticas que se lle podían facer desde diversas perspectivas, foi coa integración de nenos e nenas nas concentracións escolares. De feito, as escolas de ferrado desaparecen definitivamente pouco antes de que se poña en funcionamento este novo modelo de escolarización.

Por último, se contrastamos a eficacia alfabetizadora das escolas públicas e as de ferrado, deberemos concluír que estas realizaron unha importante contribución á difusión social da lectura e da escritura. A provincia de Lugo así o amosa, pois malia ter unha dotación de escolas públicas moi inferior á das outras tres, e mesmo ocupar as últimas posicións nas estatísticas sobre o conxunto do Estado, acadaba unha taxa de alfabetización masculina case sempre superior á media galega⁹⁸. O inspector Gerardo Álvarez Limeses chamaba a atención sobre esta circunstancia en 1924:

Abandonada [a provincia de Lugo] por los poderes públicos que le han negado hasta hace poco más de un millar de escuelas que por ley le correspondían ha sabido laborar por su mejoramiento

⁹⁷ Domingo Erosa y Fontán, *op. cit.*, pág. 398.

⁹⁸ Cfr. Narciso de Gabriel, Antón Costa Rico, M^a González Raposo e Sabela Rivas Barrós, “O proceso de alfabetización en Galicia (1860-1991)”, *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación*, nº 1, 1997, páxs. 11-40.

cultural estableciendo un número de escuelas privadas muy superior al de la casi totalidad de las de España.

Pero no son esas escuelas de las corrientes en las demás regiones y aun en el resto de las provincias gallegas: son las escuelas ambulantes, las de temporada, las conocidas con el típico nombre de escuelas "de ferrado" -tan vilipendiadas por muchos- y merced a las cuales la cenicienta del Estado en materia de enseñanza, ha podido ofrecer al país en vez de un 80 por 100 de analfabetismo como Jaen algo menos de un 50.⁹⁹

Así pois, os censos de poboación, que rexistran o número de persoas que saben ler e escribir, veñen a rehabilitar, sen pretendelo, a función social desempeñada polas escolas de ferrado. Foron certamente moitos miles de galegos e algúns menos de galegas os que aprenderon a ler e escribir da man dun escolante. Unha boa parte dos nosos avós e mesmo dos nosos pais así o fixeron. Merecen, xa que logo, facerse cun lugar na nosa memoria colectiva. Con todas as súas limitacións, evidencian o interese da sociedade galega pola cultura escrita e a súa capacidade para dotarse de mecanismos que lles permitisen ter un certo acceso á mesma.

⁹⁹ Gerardo Alvarez Limeses, "El analfabetismo en España. En defensa de Galicia", *El Noticiero Gallego. Revista de Primera Enseñanza*, 11 de xullo de 1924.